

PREGO DE CLÁUSULAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE RESTAURACIÓN DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA MEDIANTE PROCEDEMENTO RESTRINXIDO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA (2019-005-SER-A).

PORTADA

CONTRATO DE CONCESIÓN SERVIZOS

PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN: **RESTRINXIDO**

- ABERTO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA**
 ABERTO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA

CONTRATO SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO, A EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL OU LICITADO NO MARCO DUN PLAN DE EMPREGO PROTEXIDO:

- SI** **NON**

TRAMITACIÓN: **ORDINARIA** **URXENTE**

DESCRIBIÓN DO CONTRATO

ÓRGANO DE CONTRATACIÓN:	FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA Tfo: 881997565 Fax: 881997577 Correo e: cidade.cultura@xunta.gal
RESPONSABLE DO CONTRATO:	DIRECTOR DA OFICINA TÉCNICA DA FUNDACIÓN
DEPARTAMENTO OU SERVIZO:	OFICINA TÉCNICA Tfo: 881999898 Fax: 881997577 Correo e: oficina.tecnica.cidade.cultura.galicia@xunta.gal

TIPIFICACIÓN DO CONTRATO

A presente contratación tipifícase como contrato de **CONCESIÓN DE SERVIZOS**.

OBXECTO DO CONTRATO:

A prestación incluírá os seguintes servizos;

1.a) Edificio CECG:

Cafetería: explotación da cafetería denominada "A Cantina" ubicada no local na fachada norte do edificio, ao carón da súa entrada e fronte á entrada ao edificio de BAG, con acceso directo á rúa peonil que comunica ambos edificios co aparcadoiro e nas proximidades da praza central do complexo. Ten unha extensión de 187.01 m², distribuídos en barra mesa e terraza. Dispón de dúas mesas continuas con capacidade para 36 persoas; para a barra estímase unha capacidade para 20 persoas.

Comedor: explotación do espazo reservado a comedor ubicado no local de 79,04 m² e nos que poderá instalarse un expositor de produtos autóctonos e de calidade, para poder ser

adquiridos polo público que se achegue a estas instalacións. Non obstante o anterior, este local terá como uso principal o de servizo de comedor, incluso coa posibilidade de uso como reservado, para a cafetería anexa. Estímase unha ocupación máxima para 36 persoas sentadas á mesa.

Terraza: a superficie adicada a terraza, na rúa fronte do local da cantina e/ou na praza principal do complexo do CDC, será suficiente para atender un mínimo de 20 persoas sentadas e poderá variar en función da época do ano e a climatoloxía.

Aínda que os locais non contan con aseos propios, dispoñen de acceso directo e inmediato a eles, así como tamén a unha sala de lactancia, convenientemente equipada.

Dispón ademais dun almacén, utilizado polo actual prestador do servizo, de 42,94 m², ao que se pode acceder con ascensor ou montacargas desde o edificio da Biblioteca e Arquivo, situado na fronte dos citados locais.

Actualmente en funcionamento continuo. A Fundación dispón do equipamento, instalacións e moblaxe básicos para a prestación dos servizos descritos neste apartado. Corresponderá ao adxudicatario a achega da moblaxe e enxoval complementarios que entenda necesario, será novo e para o primeiro uso, tendo en conta que o deseño de todos os seus compoñentes terá que ser aprobado previamente pola Fundación.

1.b) Edificio CINC:

Cafetería: explotación da cafetería denominada "O Roupeiro" no local ao que se accede dende o vestíbulo da planta 0 do edificio. Consta de unha estancia de 61,70 m² de cafetería, e poden dispoñerse no entorno algunhas mesas (da orde de 3-4 mesas e 9-12 cadeiras) para atención ao público.

(o actual prestador do servizo ten organizados os espazos de xeito que permiten atender no interior do local aproximadamente a 20 persoas sentadas en mesa e 8 persoas en barra alta)

Aínda que os locais non contan con aseos propios, dispoñen de acceso directo e inmediato a eles.

Corresponderá ao adxudicatario a achega da moblaxe e enxoval que entenda necesario para a prestación do servizo, será novo e para o primeiro uso, tendo en conta que o deseño de todos os seus compoñentes terá que ser aprobado previamente pola Fundación.

Actualmente en funcionamento continuo. O local dispón dunha barra/mostrador propiedade da Fundación, así como parte de mesas e cadeiras trasladadas desde a Cantina (que na actualidade se dispoñen no entorno do local), tamén propiedade da Fundación. O resto da moblaxe e do equipamento interior (estrutura metálica, teito interior en láminas plásticas, mesas, cadeiras e taburetes), son propiedade do actual prestador do servizo.

1.c) Edificio Museo:

Comedor: existe un local destinado a cafetería no edificio, sen servizo na actualidade pero que, ocasionalmente, se emprega para prestar servizos en eventos que se celebren no edificio (cáterin, barras desmontables e/ou mobiliario desprazado). Agora este espazo utilizarase para a explotación dunha cafetería/restaurante, aínda sen denominación formal. Ao local accedese desde a planta 0 do edificio e ten unha extensión de 152,97 m². Dispón tamén dunha saída de emerxencia ao exterior que a Fundación habilitará como entrada ao recinto. Estímase unha capacidade para 60-70 persoas sentadas á mesa, ademais das persoas para as que se programe a barra proposta polo licitador.

Comedor reservado: local colindante ao anterior, de 48,39 m², actualmente dedicado a outros usos pero que xa na orixe do proxecto se destinaba tamén a comedor, conta con



subministración de auga e desaugue. A Fundación remodelará o espazo, anulando as actuais portas e abrindo outras cara o comedor principal, recuperará o uso das tomas de auga e construíra un pequeno moble auxiliar. Estímase unha capacidade para 24 persoas sentadas á mesa.

Cociña: espazo colindante e independente e con acceso directo ao anterior, provisto de saída de fumes, e con solo e paredes preparadas para o uso de cociña, con unha superficie de 27,22 m².

Terraza interior: ao espazo da cafetería/comedor accédese desde o corredor/sala de exposicións temporais do Museo, no que poden estenderse ata un máximo de 10 mesas e 40 cadeiras, na disposición que se autorice e sempre e cando non se utilice este espazo para exposicións ou montaxes, ou a súa convivencia se considere incompatible con estes. A Fundación comunicará esta circunstancia ao adxudicatario coa suficiente antelación.

Terraza exterior: a superficie exterior no corredor fronte do local da cafetería e/ou na praza colindante pero a distinto nivel, poderán utilizarse como terraza de xeito discrecional polo adxudicatario en función da época do ano e a climatoloxía. A disposición e número de mesas e cadeiras será autorizada previamente pola Fundación.

O comedor dispón de aseos exclusivos con acceso directo desde o local.

A Fundación porá a disposición do adxudicatario dous locais de 12,95 m² e de 12,66 m², situados no segundo soto do mesmo edificio; estes locais dispoñen de acceso directo de vehículos ata de gran tamaño, e desde os locais de restauración pode accederse a eles mediante un ascensor desde un acceso que se habilitará no espazo da cociña.

1.c.1- O adxudicatario será responsable da adquisición de todo o equipamento, moblaxe e enxoval que resulte necesario para a explotación do servizo e dos locais citados: comedor, cociña e terrazas. Todo o material citado será novo e de primeiro uso, tendo en conta que o deseño de todos os seus compoñentes terá que ser aprobado previamente pola Fundación.

A Fundación asumirá os seguintes custes para a adquisición de bens e equipos, exclusivamente polos seguintes conceptos,

-ata 75.000 euros destinados á adquisición de equipamento da cociña e da barra (campá extractora de fumes, forno, fritidoras, etc; o listado é a título de exemplo, non é exhaustivo nin limitativo),

-ata 10.000 euros para a adquisición de moblaxe para o comedor e terrazas,

-ata 15.000 euros para a construción da barra para a atención aos clientes no comedor e para completar os materiais de acabado interior da cociña: solo, paredes, teito.

Para o cobro do importe de estas adquisicións o adxudicatario presentará unha factura pola totalidade dos bens de cada concepto sinalado, unha vez que a Fundación comprobe que foron realmente subministrados ou construídos nas condicións establecidas, e se atopan en condicións de prestar servizo. O adxudicatario presentará un orixinal de cada unha das facturas dos seus provedores que xustifiquen o importe total de cada concepto facturado á Fundación, así como os orixinais dos certificados de garantía dos respectivos fabricantes. Este total será a suma das bases impositivas de cada unha das facturas dos provedores, ao que se lle sumará o IVE correspondente. Os bens e equipos así facturados pasarán a ser propiedade da Fundación, sen que o adxudicatario poida establecer calquera tipo de carga ou gravame sobre eles.

1.c.2- A Fundación resérvase a facultade de adquirir directamente o equipamento sinalado no anterior apartado c.1, ben na totalidade ou parcialmente, en función das

características económicas, formais e de calidade dos equipos e materiais que compoñan aquel equipamento.

1.c.3- No espazo da cociña deberán incorporarse, como mínimo, os seguintes elementos:

- zona de lavado / plonge (con lavalouzas de capota),
- mesado frío,
- mesa de pe,
- timbres,
- pileta,
- lavamáns,
- prancha,
- forno de convección (ao menos 6 bandexas 1:1),
- fogóns de indución,
- fritidora,
- salamandra,
- zonas neutras de traballo,
- campá extractora autolimpable,
- envasadora ao vacío.

Nos locais auxiliares do soto do edificio o adxudicatario habilitará o espazo destinado a almacén e cámaras, que garanta un espazo para ultramarinos, outro para bebidas, outro para enxoval de cociña e servizos, e ao menos tres cámaras, dúas de refrixeración e outra de ultraconxelación; tamén habilitará espazo para cuarto frío equipado con piletas e mesados.

No espazo da barra de comedor deberán incorporarse, como mínimo, os seguintes elementos:
Baixo a barra,

- cámaras de apertura de guillotina,
- fregadoiro dun seo,
- cubo para o lixo,
- recollida de envases reciclables,
- billa de cervexa,
- lavavazos.

Na contra-barra,

- cafeteira exprés,
- moble de anaqueis con caixón para residuos do café,
- terminal de facturación,
- armario/cava para viños.

1.c.4- A explotación da cafeteira do edificio Museo estará en funcionamento nun prazo máximo de dous meses desde a firma do contrato co adxudicatario. No caso de que a Fundación executase a opción sinalada no anterior apartado c.2, o prazo comprometido polo adxudicatario na súa oferta poderá modificarse para adaptalo aos tempos empregados pola Fundación na adquisición do equipamento. En calquera caso, os demais traballos e actividades comprometidos polo adxudicatario na súa oferta deberán terse completados no tempo ofertado.

1.d) Terraza do Bosque:

Trátase dun espazo pavimentado anexo á unha das sendas peonís, situado nas proximidades do edificio Museo e orientada cara o oeste e á cidade de Santiago.

Dispón dun conxunto de mobles fixos (barra, bancos, mesas) construídos en formigón, así como de instalación de auga e subministro de enerxía eléctrica.

2.- En todos os casos, os servizos de cáterin (descansos, aperitivos e viños de honra) para grupos que asistan a actividades non diarias da CDC, non se contemplan con carácter de exclusividade. Así mesmo, queda excluído do obxecto do contrato a instalación de barras e postos de venda no exterior do local con motivo de concertos ou eventos con grande afluencia de público nas prazas do recinto. A Fundación ou as entidades que organicen actividades na CDC poderán contratar este tipo de servizos a outras empresas, ou autorizar a instalación de aquelas barras e postos noutras condicións.

3.- No local do edificio CINC, o explotador disporá de ata un máximo de 6 fornos microondas para o seu uso polos traballadores do complexo, e procurará a colocación ao menos doutro microondas na Cantina. O uso dos microondas non permitirá necesariamente o uso dos demais espazos.

4.- As empresas licitadores, antes da formulación das ofertas, deberán visitar as instalacións nas que se vai a executar o contrato, co fin de comprobar o seu estado, previa solicitude a Fundación.

- CPV (Vocabulario común de contratos)

55330000-2 Servizos de cafetería

55510000-8 Servizos de cantina

Número exp: **2019-005-SER-A**

Necesidades administrativas que hai que satisfacer e idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacelas (cláusula 2.3):

O 11 de xaneiro de 2011 inaugurouse oficialmente a CDC e abríronse ao público os edificios de Arquivo e Biblioteca, aínda que ambos xa albergaban anteriormente actividades internas e exposicións ao público. Desde entón, o número de visitantes se incrementa ano a ano, en proporción ao número de actividades culturais e administrativas que se desenvolven na Cidade da Cultura de Galicia. Así mesmo, na actualidade traballan na Cidade da Cultura persoas das institucións ou iniciativas seguintes:

- Edificio Centro de Emprendemento Creativo de Galicia (CEM):

Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)

Espazo Emprende Gaiás (Coworking)

Viveiro Gaiás

Espazo Empresas

- Edificio Biblioteca e Arquivo de Galicia (BAG):

Subdirección Xeral De Bibliotecas

Subdirección Xeral De Arquivos

Real Academia Galega

Consello da Cultura Galega

- Edificio Centro de Innovación Cultural e Modernización Tecnolóxica de Galicia (CINC):

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA)

Espazo Empresas

- Edificio Museo Centro Gaiás e locais comerciais anexos:

**Fundación Cidade da Cultura de Galicia
Espazo Empresas**

En total, na actualidade traballan na CDC ao redor de 600 persoas, e segundo as previsións de novas incorporacións, este número se incrementará ata case 700 persoas nos edificios actualmente en funcionamento.

O contrato actual remata o 05 de xullo de 2019, polo que é necesario pois a prestación dun servizo de cafetería/cantina que permita dar servizo a persoal e visitantes da Cidade da Cultura de Galicia. A xestión e explotación da Cantina da CDC faise aínda máis imprescindible, si se ten en conta que, dado a ubicación do complexo no alto do Monte Gaiás, non existen servizos similares que puidesen suplir a carencia do mesmo. Como titulares do complexo e das súas edificacións, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, é a única entidade con capacidade para licitar esta contratación.

Distribución de riscos:

Segundo o capítulo III do Título II da LCSP, o risco operacional do contrato de concesión corresponde, en todo caso, ao contratista; a esixencia de que o adxudicatario soporte unha parte significativa do risco operacional, dáse no actual prego, dado que se debe considerar que existe un risco de demanda, posto que a utilización do servizo de bar e cafetería non é obrigatorio para os usuarios das instalacións, nin existe un número garantido de usuarios.

Porén, existe un mínimo e inevitable gasto de persoal, uns servizos mínimos de oferta de menú e outros produtos de cafetería a ofrecer obrigatoriamente a prezos determinados, horarios determinados, ademais do risco de impagamentos dos usuarios. En consecuencia, non están garantidos os ingresos suficientes para o pagamento do canon, podendo producirse perdas e sen que o adxudicatario poida renunciar á prestación do servizo, que estará obrigado a realizar nas condicións establecidas durante o tempo de vixencia do contrato, polo que pode afirmarse que hai transferencia de risco operacional ao contratista.

En definitiva, atendendo ao obxecto contractual (coa excepción do servizo de cáterin) no que os ingresos proveñen dos usuarios maioritariamente e que existe unha transferencia do risco, a natureza xurídica do contrato bebe das características propias da concesión de servizos, regulado no artigo 284 a 297 da LCSP.

Para consultas relacionadas co expediente:

Cláusulas administrativas: Tfno.: 881997565
Correo electrónico: cidade.cultura@xunta.gal

Cláusulas técnicas: Tfo: 881999898
Fax: 881997577
Correo e: oficina.tecnica.cidade.cultura.galicia@xunta.gal

Perfil do contratante: www.cidadedacultura.gal

Plataforma de contratación pública de Galicia: www.contratosdegalicia.es

CADRO DE CARACTERÍSTICAS DO CONTRATO**A. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (cláusula 3)****A.1 Prezo do contrato.**

Importe IVE excluído:	175.000,00 €
IVE aplicable solo sobre 75.000 euros, en concepto de servizos á Fundación	7.500,00€
Orzamento base de licitación con IVE:	182.500,00 €

Desglose:

- 100.000,00 € (primeiro ano, en concepto de custes para a adquisición de bens e equipos).
- 75.000,00 € (tres primeiros anos, en concepto de servizos á Fundación).
- 7.500,00 € (o IVE, en concepto de servizos á Fundación, para os tres primeiros anos).

O desglose completo pode consultarse no **estudo de viabilidade económica** da xestión e explotación do servizo de restauración da Cidade da Cultura de Galicia que se publica conxuntamente cos pregos. **En calquera caso, o estudo de viabilidade económica é meramente orientativo e non debe vincular a oferta do propio licitador.**

A.2 Canon fixo anual (art. 289.3 LCSP).

DURANTE OS TRES PRIMEIROS ANOS: O licitador que resulte adxudicatario procederá ao ingreso a favor da Fundación dun canon de 15.000,00 € máis IVE. A forma de proceder ao ingreso se configura no apartado P do cadro de características.

A PARTIR DO CUARTO ANO E SEGUINTE (prórrogas): O canon sinalado no parágrafo anterior (15.000 euros máis IVE) será obxecto de revisión en cada anualidade, a partir do cuarto ano de execución do mesmo, actualizándose ao IPC galego dos doce meses anteriores. A forma de proceder ao ingreso se configura no apartado P do cadro de características.

A.3 Lotes

Non procede. A Fundación Cidade da Cultura de Galicia considera, en atención as características dos locais existentes, tanto pola súa configuración como polos acabados, moblaxe e instalacións dispoñibles, que os mesmos condicionan a oferta de restauración ao público, de xeito que a explotación do servizo deberán formularse en base a produtos e pratos que se adapten a aquelas características, e non a locais ou espazos de prestación.

Require ademais unha coherencia de prestación e oferta en todos os locais, o que sería imposible de acadar de contratar a prestación a empresas distintas.

A.4 Valor estimado do contrato

Para a determinación do valor estimado se tivo en conta;

1) Importe anual neto cifra negocios. Segundo ano e sucesivos (incremento dun 3% anual, agás o 2021 (un 5%).

Importe anual neto cifra negocios	451.190,88 €
1/2 ano 2019	225.595,44 €
2020	464.726,61 €

2021	487.962,94 €
2022	502.601,82 €
2023	517.679,88 €
2024	533.210,28 €
2025	549.206,58 €
1/2 ano 2026	282.841,39 €
Total	3.563.824,94 €

2) Custes para a adquisición de bens e equipos con cargo ao poder adxudicador: 100.000,00 €

3) Valor dos servizos que se poñen a disposición do concesionario que sexan necesarios para prestación do servizo: valor anual dos servizos comúns que asume a Fundación, imputables á cantina (segundo reparto de custes realizado por Oficina Técnica, datos 2018): 18.438,91€ (en sete anos, estimados: 129.072,37 €)

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO SEN IVE (suma 1, 2 e 3): 3.792.897,31 €

B. CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA E ANUALIDADES

B.1 Distribución por anualidades:

Ano	Total (IVE incluído)	Conta contable asociada
2019	111.458,33 €	216 e 629
2020	27.500,00 €	629
2021	27.500,00 €	629
2022	16.041,67 €	629

B.2 Lotes

Ano	Lotes	Total (IVE incluído)	Conta contable asociada
Non procede			

Lotes reservados a centros especiais de emprego ou a empresas de inserción laboral (disposición adicional cuarta da LCSP):

Non se prevé reserva de lotes para Centros Especiais de Emprego.

B.3 Limitación ao número de lotes:

Non procede.

B.4. En caso de financiamento comunitario:

Non procede.

C. DURACIÓN DO CONTRATO (cláusula 9.2) (ART. 29)

O prazo de execución do contrato será de **TRES (3) anos**.

- Data estimada de inicio do servizo: 06 de xullo de 2019

- Prazos parciais: Non procede

D. PRAZO DE EXECUCIÓN E ADMISIÓN DE PRÓRROGA (cláusula 9.2)

-Posibilidade de prórroga ou prórrogas ordinarias:

NON

SI. Cabe prorrogar o contrato por **anualidades**, ata un máximo de **catro anos máis**.

-**Condições en que a prórroga se levará a cabo (prazo, aviso previo, etc.):** conforme ao previsto no artigo 29.2. da LCSP, a prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

-**Prazo máximo de duración total do contrato incluíndo prórrogas ordinarias:** O contrato e as súas prórrogas por poderán superar os **sete anos** en total.

-**Posibilidade de prórroga por razón de interese público en atención ao previsto na cláusula 9.2 :**

NON

SI.

E. PRAZO DE GARANTÍA (cláusula 10.3)

SI. **PRAZO:** Un (1) ano a contar dende o seguinte a data de finalización do contrato.

NON. XUSTIFICACIÓN (ART. 210.3 LCSP):

F. SOLVENCIA. HABILITACIÓN (cláusula 5)

F.0 OBRIGA DE ACREDITAR SOLVENCIA

SI. Estes requisitos, á súa vez, conforman os criterios obxectivos de solvencia con arranxo aos cales o órgano de contratación cursará as invitacións a participar no procedemento, cun mínimo de 5 empresas, sempre que sexa posible, en virtude do artigo 162 LCSP.

NON

F.1 CLASIFICACIÓN DOS CONTRATISTAS (NON OBRIGATORIA)

Non se esixe clasificación.

F.2 MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA.

Acreditarase por ambos os dous medios seguintes:

a) Declaración responsable do **volumen anual de negocios**, referido aos tres últimos exercicios concluídos.

Reputarase solvente se o volumen anual de negocios do licitador, referido ao ano de maior volumen de negocios dos tres últimos concluídos, sexa igual ou superior ao **75% do importe anual da cifra de negocios prevista no estudo de viabilidade para o primeiro ano de explotación** (é dicir, igual ou superior ao 75% de 451.190,88 €).

O período dos tres últimos anos contarase cara atrás, tomando como data de partida a de presentación de ofertas, O volumen anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Para os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil,

acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b) Acreditación da existencia dunha póliza de seguros que cubra os riscos de incendio dos locais e de responsabilidade civil; o contratista deberá ter subscrito un contrato de seguro que cubra os riscos de incendio dos locais e de responsabilidade civil por danos á concorrente e a terceiros derivados das condicións dos locais, das súas instalacións e servizos, así como da actividade desenvolta e do persoal vinculado ao adxudicatario que preste os seus servizos no mesmo. O contratista deberá asegurar de maneira diferenciada os riscos por incendio e de responsabilidade civil, este último baixo a modalidade de responsabilidade civil por explotación, aínda que, se admitirá o aseguramento do risco baixo calquera outra denominación. No caso do contrato de seguro de incendios, a contía mínima esixida referirase, obrigatoriamente, ao continente, sendo voluntaria a cobertura deste risco no que se refire ao contido.

Importes:

- Capital mínimo asegurado para risco de incendio: 100.000 €
- Capital mínimo asegurado para risco de responsabilidade civil: 100.000 euros.

En ambos casos sen franquía algunha.

A acreditación deste requisito efectuarase por medio de certificado expedido polo asegurador, no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, e mediante o documento de compromiso vinculante de subscripción, prórroga ou renovación do seguro, nos casos en que proceda.

F.3 MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA TÉCNICA.

Acreditarse polo medio seguinte:

a) Declaración xurada coa relación de negocios de restauración en explotación ou que teñan sido explotados pola empresa licitadora nos últimos tres anos, cunha breve descrición e volume de ingresos. Os licitadores deberán acreditar, mediante a achega de certificados de boa execución, explotar ou ter explotado, nos últimos tres anos, alomenos, un establecemento de restauración..

Se reputará solvente cando acrediten un importe anual acumulado, no ano de maior execución, igual ou superior a 75.000,00 €

- Cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica se acreditará polo seguinte medio:

i) Declaración sobre a plantilla media anual da empresa e do número de directivos durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

F.4 MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA DE EMPRESARIOS NON ESPAÑOIS DE ESTADOS MEMBROS DA UE. Artigo 78.1 da LCSP

Son os mesmos que os dos empresarios españois

F.5 CONCRECIÓN DAS CONDICIÓNS DE SOLVENCIA: COMPROMISO DE ADSCRICIÓN DE MEDIOS

Ademais da solvencia indicada, exíxese a adscripción á execución do contrato, como mínimo, dos medios persoais e/ou materiais seguintes:

Non procede

Especificación dos nomes e a cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación. Artigo 76.1 LCSP

NON
 SI

Compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais indicados. Artigo 76.2 LCSP

NON
 SI

Carácter de obrigacións esenciais para os efectos previstos nos artigos 211.1.f) e 192.2:

NON
 SI

F.6 HABILITACIÓN EMPRESARIAL OU PROFESIONAL ESIXIDA

Non procede. Non obstante o anterior, o contratista que resulte adxudicatario, presentará o **certificado de manipulador de alimentos** expedido pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Xunta de Galicia, e as súas oportunas renovacións, do equipo que oferte o adxudicatario e que de forma permanente ou ocasional destine a prestación do servizo.

G. REVISIÓN DE PREZOS (cláusula 3.2)

Non procede

H. GARANTÍAS

H.1 GARANTÍA PROVISIONAL:

Non procede

H.2 GARANTÍA DEFINITIVA: (cláusula 7.6.2):

SI. Importe: **5% do orzamento de adxudicación, IVE excluído**
 NON

Forma de prestar a garantía:

En calquera das formas reguladas no artigo 108 LCSP
 Mediante retención de prezo (artigo 108.2 LCSP)

Acreditación da constitución da garantía mediante medios electrónicos:

Non procede

H.3 GARANTÍA COMPLEMENTARIA:

NON
 SI

PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN (cláusula 6.3)

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN:

Lugar: Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Cidade da Cultura de Galicia, Edificio CINC, 3º. Monte Gaiás s/n. CP 15707. Santiago de Compostela (A Coruña)

Data límite: Décimo quinto día natural, contado dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil de contratante.

Hora límite: 14:00 h

Xustificación da non utilización de medios electrónicos na presentación de ofertas.

En aplicación do establecido na disposición adicional 15ª, apartado 3, c) da LCSP, nesta licitación non se utilizarán medios electrónicos na presentación de ofertas debido a que o órgano de contratación non dispón dos equipos especializados necesarios.

Tal e como se detalla no acordo do Consello da Xunta de Galicia do 14 de marzo de 2019 sobre a constitución do nodo de contratación pública de Galicia e a implantación do Sistema de licitación electrónica (Silex), realizarase unha implantación progresiva destes sistemas nas distintas consellerías e entidades da Xunta de Galicia, que non estarán dispoñibles na Fundación Cidade da Cultura de Galicia ata os meses de xuño-xullo de 2019.

J. ADMISIBILIDADE DE VARIANTES (cláusula 2.2)

NON
 SI

K. PARÁMETROS OBXECTIVOS PARA APRECIAR VALORES ANORMALMENTE BAIXOS. Artigo 149 LCSP

Non procede

L. CIRCUNSTANCIAS DETERMINANTES DA ADXUDICACIÓN NOS CASOS DE IGUALDADE DE PROPOSICIÓN (cláusula 7.6.1 e artigo 147 da LCSP)

Número de traballadores con discapacidade superior ao 2 % nos termos do artigo 147.1 a) e o Acordo do Consello da Xunta de 8/4/2010 así como o previsto no Real Decreto Lexislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. En caso de que varias empresas se encontren nestas circunstancias, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que acredite maior porcentaxe de traballadores fixos discapacitados no seu cadro de persoal.

De persistir o empate, este se desfará outorgando o contrato ao licitador que acredite:

Acreditación de certificación da implantación dun plan de igualdade conforme o establecido no artigo 67 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade ou equivalente.

M. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO. Artigo 202 da LCSP

Condições especiais de execución do contrato:

1.- Cumprimento do pago dos salarios do persoal adscrito ao contrato; a persoa contratista deberá estar ao corrente no pago das nóminas dos traballadores que executen o contrato. Non obstante o anterior o incumprimento desta condición non será causa de resolución do contrato.

Carácter de obrigación esencial para os efectos previstos no artigo 211.1.f):

- NON
 SI

Carácter de infracción grave para os efectos establecidos no artigo 71.2.c) da LCSP en caso de incumprimento (cláusula 9.15):

- NON
 SI

2.- Conforme ao disposto no artigo 202.2 da LCSP, establécese como condición especial de execución contractual o favorecer a formación no lugar de traballo. A tal fin, a empresa proposta como adxudicataria deberá presentar un plan detallado de formación do persoal, que deberá ser aprobado pola Fundación.

Carácter de obrigación esencial para os efectos previstos no artigo 211.1.f):

- NON
 SI

Carácter de infracción grave para os efectos establecidos no artigo 71.2.c) da LCSP en caso de incumprimento (cláusula 9.15):

- NON
 SI

N. IMPORTE MÁXIMO GASTOS DE PUBLICIDADE (cláusulas 3.4)

Non procede

O. PROGRAMA DE TRABALLO EN CONTRATOS DE TRACTO SUCESIVO (cláusula 9.2)

- NON
 SI

P. PAGAMENTO DO PREZO. Artigo 198 da LCSP (cláusula 9.17).

Pagamento do prezo: a prestación xera unha obriga ao contratista de proceder ao ingreso do canon obxecto de oferta por parte do licitador seleccionado coa mellor oferta. O importe deste canon devengarase a partir da data de formalización do contrato, ou da data de efectiva entrega dos locais ao contratista para a realización das instalacións necesarias.

O canon fixo anual a satisfacer polo contratista será abonado a favor da Fundación por este nos **cinco días naturais seguintes a aquel no que se inicie cada período natural de vixencia do contrato**. Non obstante o anterior, respecto do primeiro ano de vixencia do contrato, o pago do canon realizarase no prazo de dous meses a contar dende a formalización do contrato.

O contratista aboará o importe correspondente mediante transferencia bancaria ao número de conta que sexa indicada pola Fundación. A Fundación emitirá anualmente a factura correspondente ao canon fixo anual.

Non obstante o anterior, a Fundación asumirá os seguintes custes para a adquisición de bens e equipos, exclusivamente polos seguintes conceptos:

-ata 75.000 euros destinados á adquisición de equipamento da cociña e da barra (campá extractora de fumes, forno, fritidoras, etc; o listado é a título de exemplo, non é exhaustivo nin limitativo),

-ata 10.000 euros para a adquisición de moblaxe para o comedor e terrazas,

-ata 15.000 euros para a construción da barra para a atención aos clientes no comedor e para completar os materiais de acabado interior da cociña: solo, paredes, teito.

Para o cobro do importe de estas adquisicións o adxudicatario presentará unha factura pola totalidade dos bens de cada concepto sinalado, unha vez que a Fundación comprobe que foron realmente subministrados ou construídos nas condicións establecidas, e se atopan en condicións de prestar servizo. O adxudicatario presentará un orixinal de cada unha das facturas dos seus provedores que xustifiquen o importe total de cada concepto facturado á Fundación, así como os orixinais dos certificados de garantía dos respectivos fabricantes. Este total será a suma das bases impositibles de cada unha das facturas dos provedores, ao que se lle sumará o IVE correspondente. Os bens e equipos así facturados pasarán a ser propiedade da Fundación, sen que o adxudicatario poida establecer calquera tipo de carga ou gravame sobre eles.

A Fundación resérvase a facultade de adquirir directamente o equipamento sinalado no apartado 4.1.c.1-do Prego de prescricións técnicas, ben na totalidade ou parcialmente, en función das características económicas, formais e de calidade dos equipos e materiais que compoñan aquel equipamento, polo que non procede á aplicabilidade do disposto no artigo 146.2.b) LCSP.

O contratista terá a obriga de presentar a/s factura/s que expedise polos servizos prestados ou bens entregados. A factura será enviada á Fundación a través do sistema electrónico de facturación (SEF) da Xunta de Galicia, polo que o contratista deberá facer a presentación telemática da factura a través deste sistema.

Órgano con competencias en materia de contabilidade: FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

Q. CESION E SUBCONTRATACIÓN (cláusula 9.13).**CESION DO CONTRATO**

- NON.
 SI.

SUBCONTRATACIÓN

NON.

SI. Dado a natureza do contrato, a subcontratación somentes pode recaer en prestacións accesorias. Entenderase por prestacións accesorias, únicamente as relativas ao servizo de catering.

R. LUGAR DE ENTREGA OU PRESTACIÓN (cláusula 9.1)

Lugar: Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás s/n. CP 15707. Santiago de Compostela (A Coruña);

- 1.a) Edificio CEM: cafetería, comedor e terraza.
- 1.b) Edificio CINC: cafetería denominada "O Roupeiro".
- 1.c) Edificio Museo: comedor, cociña, terraza interior e terraza exterior.
- 1.d) Terraza do Bosque.

S. PENALIDADES ESPECÍFICAS PARA ESTE CONTRATO NON INCLUÍDAS NO ARTIGO 192 DA LCSP (cláusula 9.16)

A fundación establece as seguintes penalidades ou sancións específicas para este contrato;

As infraccións leves sancionaranse con multa de ata 60 euros, as graves en contía comprendida entre 60 e 150 euros e as moi graves con multa comprendida entre 150 e 600 euros ou a extinción do servizo a criterio da Fundación.

As infraccións nas que incorra o adxudicatario clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Serán consideradas faltas leves,

- a)-O descoido ou mera negligencia no cumprimento das obrigas contractuais que non comporten prexuízos apreciables na prestación dos servizos.
- b)-As incorreccións do persoal do adxudicatario cos usuarios que, polas circunstancias que concorran, non sexan susceptibles de cualificalas como graves ou moi graves.
- d)-As actuacións que afecten á falta de dilixencia na atención ao público ou retraso inxustificable na prestación do servizo, que pola súa entidade non constitúan outro tipo de faltas.
- e)-A detección dun perigo leve para a saúde, acreditada por calquera das auditoras ás que a Fundación someta ao servizo contratado

Serán consideradas faltas graves,

- a)-A desconsideración grave cos usuarios ou clientes.
- b)-As discusións ou altercados promovidos polo persoal do servizo ou cando este interveña de forma activa, aínda que se suscitase polos usuarios.
- c)-O incumprimento ou inobservancia das obrigas establecidas no apartado 8 deste prego.
- d)- A intoxicación leve ocasionada a algún usuario e debidamente acreditada.
- e)-A reincidencia na comisión de tres faltas leves nun período dun ano natural.

Serán consideradas faltas moi graves,

- a)-Os altercados ou alborotos ocasionados polo persoal do servizo.
- b)-Actuacións que leven a situacións de non abastecemento de artigos ou produtos no servizo.
- c)-O peche do establecemento por máis de cinco días no período dun ano natural, salvo que medie autorización expresa por parte da Fundación.
- d)- A intoxicación grave ocasionada a algún usuario e debidamente acreditada.
- e)-A reincidencia na comisión de tres faltas graves nun período dun ano natural.



Incumprimento na inspección e xestión do contrato. A Fundación terá a facultade de exercer, de xeito continuado e directa, as súas facultades de inspección sobre o desenvolvemento do contrato, e de ser informada cando o solicite do proceso de prestación do servizo, podendo ordenar cantas instrucións estime oportunas para o estrito cumprimento do convindo.

O contratista quedará obrigado a facilitar a realización das inspeccións que acorde a Fundación, facilitando os antecedentes, informes e datos necesarios para garantir a súa plena efectividade. O incumprimento desta obrigaón poderá dar lugar, en todo caso, á resolución do contrato.

T. MODIFICACIÓN DO CONTRATO (cláusula 9.12)

Nos termos establecidos no artigo 290 LCSP

U. RESOLUCIÓN DO CONTRATO (cláusula 10.2)

Causas especiais de resolución do contrato:

Incumprimento das condicións especiais de execución do contrato a que se atribúe carácter de obrigaón contractual esencial para os efectos do artigo 202 da LCSP.

Incumprimentos da prestación que afecten características desta que se tivesen en conta para definir os criterios de adxudicación, a que se atribúe carácter de obrigaón contractual esencial para os efectos do artigo 122.3 da LCSP.

Incumprimentos parciais que poden supor causa de resolución do contrato.

V. PRAZO ESPECIAL DE RECEPCIÓN. Artigo 210.2 da LCSP (cláusula 9)

-

W. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA (plataforma Notific@)

SI
 NON

X. INFORMACIÓN DE CARÁCTER CONFIDENCIAL

O licitador debe especificar a parte da súa oferta que deba ser considerada como confidencial. En todo caso, non poderá realizar indicacións xenéricas nin indicar como confidencial o contido íntegro dun sobre, senón que deberá especificar que puntos da súa oferta serán considerados confidenciais e cales son os motivos polos que considera confidencial eses puntos.

A modo meramente exemplificativo, non limitativo, consideraranse como protexibles: datos persoais de traballadores, de terceiros e relacións contractuais; metodoloxías ou estratexias innovadoras e exclusivas, ou segredos comerciais, cuxa aplicación proporciona vantaxes competitivas e melloras de eficiencia directas nos tempos de execución das tarefas, e estratexias de custos laborais ou estruturais directamente relacionados coa execución das tarefas.

Tamén poderá ser confidencial aquela información que afecte a aspectos confidenciais, pola posibilidade de que se prexudiquen intereses lexítimos ou a competencia leal entre empresas, como os segredos técnicos ou comerciais, as propostas de execución que conteñen políticas empresariais que constitúen a estratexia orixinal da empresa e que non debe ser coñecida polos competidores, a súa formulación orixinal de carácter técnico, de articulación de medios humanos ou de introdución de patentes propias.

NON SERÁ CONSIDERADO COMO INFORMACIÓN DE CARÁCTER CONFIDENCIAL O CONTIDO DA OFERTA ECONÓMICA A REALIZAR POLO LICITADOR.

Y. OBSERVACIÓNS

VISITA ÁS INSTALACIÓNS OBRIGATORIA:

As empresas que pretendan participar no procedemento de contratación deberán visitar o complexo antes da presentación de solicitude de participación no procedemento. Visto o anterior, será **necesario** comunicar previamente por correo electrónico, e ata o día anterior ao día da visita -data que será publicada na plataforma de contratos da Xunta de Galicia, o mesmo día da publicación da licitación- a solicitude de asistencia á visita obrigatoria. Nesa comunicación expresa deberase indicar:

- Nome, NIF e enderezo da empresa.
- Teléfono de contacto, correo electrónico e nome, apelidos e DNI da persoa que visitará o complexo.

As solicitudes deberán enviarse ao seguinte enderezo electrónico:
oficina.tecnica.cidade.cultura.galicia@xunta.es.

A visita ás instalación é obrigatoria e a non asistencia a dita visita será causa de *EXCLUSIÓN* a obrigatoriedade da visita non é baladí senón que atende as circunstancias especiais do complexo pola súa complexidade arquitectónica e do propio calendario de actividades da mesma, polo que para poder formular unha oferta con garantías é preciso coñecer o espazo en detalle (locais sobros os que recae a oferta, edificacións, zonas verdes, zonas urbanizadas, pasos inferiores,...). **Polo anterior, non se admitirán as ofertas de empresas que non teñan asistido á visita obrigatoria, sendo polo tanto, causa necesaria de exclusión.**

O anuncio de visita ao local se publicará o mesmo día da publicación da licitación, fixando xa o día da visita con tempo suficiente para que as empresa poidan atender ao requirimento e preparar a súa visita ao complexo.

Esta será a única visita que se realice no marco da presente licitación, e non será posible solicitar variación de data e hora.

A visita tamén será obrigatoria para CALQUERA LICITADOR QUE ACUDIRA A VISITAS EN LICITACIÓNS ANTERIORES e para CONTRATISTAS ADXUDICATARIOS DO SERVIZO RESPECTO DE ANTERIORES LICITACIÓNS, xa que se incorporan novos espazos non previstos en licitacións anteriores.

CADRO DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

A. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Os criterios que serven de base para a adxudicación do contrato, por orde decrecente de importancia conforme a seguinte ponderación, son:

CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS MATEMÁTICAS

Criterio	Ponderación/bandas de valores
Proxecto de Explotación	Ata 100 puntos,
1- Presentación	10 puntos,
2- Proposta Gastronómica	60 puntos,
a- Modalidades	15 puntos,
b- Proposta de Menús	30 puntos,
c- Melloras á Restauración	10 puntos,
d- Outras Melloras	5 puntos,
3- Proxecto de Explotación	30 puntos,
a- Organización	3 puntos,
b- Medios Humanos	12 puntos,
c- Medios Materiais	12 puntos,
d- Outra Documentación	1 punto,
e- Prazo de Apertura	2 puntos,

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS MATEMÁTICAS

Criterio	Ponderación/bandas de valores
1.- Prezo dos Menús	ata un máximo de 60 puntos,
2.- Produtos	ata un máximo de 40 puntos
PUNTUACIÓN MÁXIMA:	100 PUNTOS

B. FORMA DE AVALIAR AS PROPOSIÇÕES

A adxudicación do contrato realizarase utilizando unha pluralidade de criterios en base á mellor relación calidade prezo, que se avaliará con arranxo a criterios económicos e cualitativos, de acordo co establecido nos artigos 131.2 e 145.2 da LCSP; tódolos factores que interveñan na valoración (puntuacións totais e parciais) redondearanse ata catro decimais.

A valoración de ofertas realizarase de acordo coa seguintes fórmula,

$$Pt = K1 * Pec + K2 * Ptec$$

Onde,

Pt, puntuación total,

Pec, puntuación criterios valoración automática, ata un máximo de 100 puntos,

Ptec, puntuación criterios valoración non automática, ata un máximo de 100 puntos,

K1 e K2, coeficientes maior ou igual a 0,50 e menor ou igual a 0,50 respectivamente, cumprindo a condición de que $K1 + K2 = 1,00$,

Para o presente contrato K1= 0,40 e K2= 0,60

Os criterios que serven de base para a adxudicación do contrato, por orde decrecente de importancia conforme a seguinte ponderación, son:

CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS MATEMÁTICAS

Proxecto de Explotación

Ata un máximo de 100,00 puntos, distribuídos do seguinte xeito:

1-Presentación do Proxecto, ata un máximo de 10 puntos

Valorarase

- a coherencia da oferta presentada coas esixencias e formulacións conceptuais do PPT,
- a coherencia entre os documentos da oferta.

Obterán a máxima puntuación aquelas presentacións nas que se aprecie unha coherencia integral entre as determinacións do PPT e o seu proxecto. Obterán cero puntos aquelas presentacións nos que se aprecien graves incoherencias entre as determinacións do PPT e o seu proxecto, ou entre os documentos que o forman. As valoracións intermedias ás citadas asignaranse de xeito proporcional mediante comparación entre o contido da documentación aportada polos licitadores para esta apartado.

2-Proposta Gastronómica, ata un máximo de 60 puntos

En canto ás prestacións mínimas esixidas no PPT,

a- Modalidades das prestacións ata un máximo de 15 puntos,

Valorarase,

- o desenvolvemento das prestacións mínimas esixidas no PPT, especialmente asa referidas á calidade, variedade e orixe dos produtos; as garantías no procesado dos conxelados; o procesado de sobrantes e as limitacións no uso de produtos non recomendables,
- o desenvolvemento pormenorizado de cada unha das modalidades de prestación ofertadas polo licitador, e as solucións propostas para un mellor funcionamento dos servizos de cáterin,
- as solucións e alternativas para a continuidade dos servizos fora das horas nas que se serven os Menús esixidos, tamén en fin de semana e festivos,
 - a proposta de coordinación coas actividades do complexo,
 - a flexibilidade para atender pedidos de alimentación alternativa ás dos Menús esixidos,

Obterán a máxima puntuación aquelas propostas que incidan coherentemente e en profundidade, en toda a amplitude de servizos e condicións citados,, e de xeito coherente coa demais documentación. Obterán cero puntos aquelas propostas que non desenvolvan todas as modalidades da prestación ou presenten graves incoherencias con outras determinacións da proposta e do proxecto, ou entre os documentos que o forman. As valoracións intermedias ás citadas asignaranse de xeito proporcional mediante comparación entre o contido da documentación aportada polos licitadores para esta apartado.



b- Proposta de Menús, ata un máximo de 30 puntos,

Valorarase,

- o desenvolvemento das condicións e características mínimas esixidas no PPT,
- a variedade e calidade dos “Menús do día” e as propostas de programación de menús semanais e mensuais por tempadas,
- o desenvolvemento do “Menú saudable”, e a comunicación cos usuarios da información nutricional,
- a variedade e calidade dos “Menús almuerzo” e dos “Menú cáterin”,

Obterán a máxima puntuación aquelas propostas que desenvolvan en profundidade as esixencias do PPT, especialmente as sinaladas arriba e que resulten acordes ao estilo e espírito da oferta gastronómica descrita neste prego. Obterán cero puntos aquelas propostas que non desenvolvan todos os menús esixidos, presenten graves incoherencias co apartado en outras determinacións da proposta e do proxecto, ou entre os documentos que o forman. As valoracións intermedias ás citadas asignaranse de xeito proporcional mediante comparación entre o contido da documentación aportada polos licitadores para esta apartado.

c- Melloras á oferta de restauración, ata un máximo de 10 puntos,

Valorarase,

- a incorporación de un prato a maiores dos dous esixidos para os primeiros e segundos pratos de menús M1 e M2;
- a incorporación de máis produtos aos mínimos esixidos para o menú M4,
- a incorporación de máis produtos aos mínimos esixidos para o menú M5, en cada un dos rangos establecidos (básico, medio e especial).
- a incorporación de menús ou produtos que permitan unha dieta vegana para os usuarios, así como outras alternativas de alimentación.

Obterán a máxima puntuación aquelas ofertas que cumpran a totalidade das melloras descritas que resulten coherentes coas propostas dos respectivos menús. Obterán cero puntos aquelas propostas que non presenten mellora algunha, ou que as presentadas non alcanzan a calidade e variedade dos respectivos menús. As valoracións intermedias ás citadas asignaranse de xeito proporcional mediante comparación entre o contido da documentación aportada polos licitadores para esta apartado.

d- Outras melloras, ata un máximo de 5 puntos,

Valoraranse aquelas melloras ofertadas polos licitadores e que non estiveran incluídas nas “Melloras á oferta de restauración”.

Obterán a máxima puntuación aquelas ofertas que maior número de melloras coherentes e fundadas que incidan realmente na prestación do servizo e na promoción dos produtos de cercanía. Obterán cero puntos aquelas propostas que non presenten melloras nesta apartado ou que non resulten efectivas para a prestación do servizo. As valoracións intermedias ás citadas asignaranse de xeito proporcional mediante comparación entre o contido da documentación aportada polos licitadores para esta apartado.

3-Proxecto de Explotación, ata un máximo de 30 puntos,

a- Organización, ata un máximo de 3 puntos,

Valorarase,

- o desenvolvemento das medidas que o licitador propoña para cumprir ou mellorar as características e condicións esixidas á oferta de restauración da CDC na cláusula 8.1 do PPT,



- o detalle das previsións e propostas do licitador para as modalidades de servizos de restauración sinaladas no PPT para os espazos sinalados,
- as propostas de organización, frecuencias e horarios de apertura e atención ao público dos diferentes locais,

Obterán a máxima puntuación aquelas propostas que incidan e melloren realmente as determinacións do PPT e alcancen un grado de detalle suficiente para as diferentes modalidades de servizo. Obterán cero puntos aquelas propostas que presenten graves incoherencias co aportado en outras determinacións da proposta e do proxecto, ou entre os documentos que o forman. As valoracións intermedias ás citadas asignaranse de xeito proporcional mediante comparación entre o contido da documentación aportada polos licitadores para esta apartado.

b- Medios humanos ata un máximo de 12 puntos,

Valorarase,

- a cualificación técnica, titulación e experiencia e, de ser o caso, coñecemento de idiomas de todo o persoal con dedicación permanente, aínda que parcial, ao desenvolvemento do contrato, así como as determinacións do organigrama, no que se indican a función, dedicación e orde de incorporación do persoal á execución do contrato,
- a política de persoal en materia de selección, contratación, formación, conciliación laboral e relacións humanas,

Obterán a máxima puntuación aquelas propostas que resulten suficientes e coherentes para o desenvolvemento do contrato nas modalidades ofertadas, e presenten unha política de persoal mais ampla e que cubra os apartados sinalados. Obterán cero puntos aquelas propostas de medios humanos insuficiente, ou que presenten graves incoherencias co aportado en outras determinacións da proposta e do proxecto, ou entre os documentos que o forman. As valoracións intermedias ás citadas asignaranse de xeito proporcional mediante comparación entre o contido da documentación aportada polos licitadores para esta apartado.

c-Medios Materiais, ata un máximo de 12 puntos,

Valorarase

- dos Medios Materiais a achegar polo licitador: a calidade, funcionalidade, integración nos locais e coherencia no deseño dos distintos bens a aportar polo licitador, en función do detalle aportado sobre das características técnicas e de deseño dos medios técnicos, materiais e enxoval que vaian a ser empregados e/ou estean á vista dos usuarios-clientes.
- dos Medios Materiais a achegar pola Fundación: tamén a calidade, funcionalidade, integración nos locais e coherencia no deseño; e o aforro económico da proposta do licitador en relación ao máximo definido na cláusula 4.1.c.1 do PPT,
- a incorporación de equipamento que facilite o uso das instalación por todo tipo de clientela, tanto no que se refire a idade (cativos), como a calquera outra circunstancia,

Obterán a máxima puntuación aquelas propostas máis completas, tecnicamente adecuadas á Proposta Gastronómica e ao Proxecto de Explotación, acordos cos espazos físicos do complexo onde se desenvolverá o servizo, e para os achegados polo licitador consideraranse o seu esforzo económico, mentras que para os achegados pola Fundación terase en conta que supoñan para ésta un menor gasto. Obterán cero puntos aquelas propostas que resulten incompletas ou insuficientes para os servizos de restauración a prestar, ou que presenten graves incoherencias co aportado en outras determinacións da proposta e do proxecto. As valoracións intermedias ás citadas asignaranse de xeito proporcional mediante comparación entre o contido da documentación aportada polos licitadores para esta apartado.

d- Outra Documentación, ata un máximo de 1 punto,

Valorarase,

-a achega daquela documentación que lle axude a expoñer mellor o seu proxecto, así como dos certificados que xustifiquen a súa política de responsabilidade social, de xestión da calidade, medioambiental e de seguridade e saúde no traballo.

Obterán a máxima puntuación aquelas propostas que redunden nunha compleción efectiva da proposta e presenten un maior número de certificados relativos ás materias citadas. Obterán cero puntos aquelas propostas que non incorporen documentación algunha, ou que esta non aporte información relevante nin certificados- As valoracións intermedias ás citadas asignaranse de xeito proporcional mediante comparación entre o contido da documentación aportada polos licitadores para esta apartado.

e- Prazo estimado para a apertura, ata un máximo de 2 puntos,

Valorarase a mellora nos prazos previstos (en días) na cláusula 4.1.c.4 do PPT para completar a prestación do servizo.

Obterán a máxima puntuación as ofertas que ofrezan una maior redución do prazo, e obterán cero puntos aquelas ofertas que non realicen redución algunha. As valoracións intermedias ás citadas asignaranse de xeito proporcional mediante comparación entre o contido da documentación aportada polos licitadores para esta apartado.

A inclusión dentro do sobre B de datos a valorar no sobre C, será obxecto de EXCLUSIÓN AUTOMÁTICA.

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS MATEMÁTICAS

Todas as valoracións referidas ás diferentes ofertas económicas (canon, menú e produtos) realizaranse do mesmo xeito, mediante unha proporcionalidade directa entre cada unha das ofertas presentadas para cada apartado e a oferta máis económica do apartado, de acordo coa seguinte fórmula,

$Val = Pt \times (Omb / On)$, onde,

Val_n, é a puntuación da oferta n que se valora,

Pt_i, son os puntos máximos que se poden alcanzar no apartado a valorar,

Omb, é o prezo máis económico presentado ao apartado (en euros con dous decimais),

On é a prezo da oferta n a valorar (en euros con dous decimais).

1.- Prezo dos Menús ata un máximo de 60 puntos,

Estes puntos asignaranse de acordo coa seguinte táboa,

M.1 en mesa	ata 15 puntos,
M.1 en mesa, medio	ata 9 puntos,
M.2 autoservizo	ata 10 puntos,
M.2 autoservizo, medio	ata 6 puntos,
M.3 executivo	ata 8 puntos,
M.4 almuerzo	ata 4 puntos,
M.5 cáterin	ata 8 puntos,
-básico	ata 3 puntos,
-medio	ata 3 puntos,
-especial	ata 2 puntos,

Para aquelas ofertas que non incorporen a opción da modalidade en autoservizo na Cantina, os puntos asignaranse de acordo coa seguinte táboa,

M.1 en mesa	ata 25 puntos,
M.1 en mesa, medio	ata 15 puntos,
M.3 executivo	ata 8 puntos,
M.4 almorzo	ata 4 puntos,
M.5 cáterin	ata 8 puntos,
-básico	ata 3 puntos,
-medio	ata 3 puntos,
-especial	ata 2 puntos,

Os prezos ofertados polo menú cáterin valoraranse tomando como prezo da oferta o valor medio dos tres prezos ofertados para os distintos aforos considerados (menos de 25, menos de 75 e máis de 75 persoas). Achégase cadro no que deben presentarse as ofertas económicas para este apartado,

Menú	Oferta do Licitador		
M.1	Menú do día (primeiro, segundo, sobremesa, pan, bebida e infusión), en modalidade de servizo en mesa,		
M.1	Medio menú		
M.2	Menú do día (primeiro, segundo, sobremesa, pan, bebida e infusión), en modalidade de autoservizo,		
M.2	Medio menú		
M.3	Menú almorzo		
			Prezo Medio por Rango
M.4	Menú cáterin		
	1- básico para menos de 25 persoas		
	para menos de 75 persoas		
	para máis de 75 persoas		
	2- medio para menos de 25 persoas		
	para menos de 75 persoas		
	para máis de 75 persoas		
	3- especial para menos de 25 persoas		
	para menos de 75 persoas		
	para máis de 75 persoas		

2.- Produtos

ata un máximo de 40 puntos

Estes puntos asignaranse de acordo coa seguinte táboa,

Grupo de bebidas quentes	ata 5 puntos,
Grupo de augas minerais	ata 5 puntos,

Grupo de zumes	ata 5 puntos,
Grupo de cervexas	ata 5 puntos,
Grupo de viños e bebidas	ata 3 puntos,
Grupo de refrescos	ata 2 puntos,
Grupo de boiería	ata 2 puntos,
Grupo de bocadillos	ata 5 puntos,
Grupo de aperitivos	ata 1 punto,
Grupo de produtos frescos	ata 5 puntos,
Grupo de xeados	ata 2 puntos,

Neste apartado o prezo a valorar é o do cada grupo de produtos, resultado da suma de todos os elementos que compoñen cada grupo. Achégase cadro no que deben presentarse as ofertas económicas para este apartado,

Produto	Oferta do Licitador	Suma do grupo
Grupo de bebidas quentes		
Café só		
Café cortado		
Café con leite		
Café con leite dobre		
Infusións		
Vaso leite		
Chocolate		
Grupo de augas minerais		
Auga 1/3 sen gas (cristal)		
Auga 1/3 sen gas (plástico)		
Auga 1/3 con gas		
Augas ½ litro		
Augas litro ou litro ½		
Augas litro (cristal) ou litro ½ (cristal)		
Grupo de zumes		
Zume de piña		
Zume de melocotón		
Zume de laranxa		
Zume de laranxa natural		
Grupo de cervexas		
Caña de cervexa		
Corto cervexa		
Botella cervexa con alcohol 1/3		
Cervexa sen alcohol		
Grupo de viños e bebidas alcohólicas		
Copa de viño		

Vermú	
Licores	
Outras bebidas de maior gradación alcohólica	
Grupo de refrescos	
Refresco cola	
Refresco laranxa	
Refresco Limón	
Tónica	
Refresco de te	
Bebida isotónica laranxa/limón	
Mosto	
Refresco sen burbullas	
Grupo de bojería	
Biscoito	
Croissant	
Napolitana	
Rosquilla tipo Donut ou similar	
Torta	
Churros ½ duzia	
Torrada de pan con aceite de oliva virxe	
Bocadillos	
Bocadillo de xamón	
Bocadillo de queixo	
Bocadillo de chourizo	
Bocadillo de salchichón	
Sándwich mixto	
Sándwich vexetal	
Hamburguesas	
Montaditos	
Empanadillas	
Grupo de aperitivos	
Aperitivos (snacks)	
Produtos frescos	
Macedonia de froita variada	
Peza froita (laranxa ou mazá)	

Mini ensaladas	
logures	
Grupo de xeados (alomenos en temporada)	
Xeado de cornete	
Xeado terrina ou similar	

C. DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

A documentación relativa aos criterios de adxudicación que debe presentarse é a seguinte (indícase tamén o sobre en que debe incluírse):

CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS MATEMÁTICAS

Documentación	Sobre nº2 ou B
1.- Proxecto de Explotación.	<p>Os licitadores incluírán neste sobre a documentación que reflicte as características da oferta do licitador e que acredite e xustifique o cumprimento das condicións materiais que se contemplan no Prego de Prescricións Técnicas (en diante PPT) e que permitan a valoración dos criterios de adxudicación establecidos no B. FORMA DE AVALIAR AS PROPOSICIÓNS do Cadro de Criterios de Adxudicación do presente Prego.</p> <p>Non se incorporará neste Sobre B ningún dato nin información que permita coñecer calquera das propostas económicas do licitador; estas últimas se incorporarán unicamente no Sobre C.</p> <p>A inclusión dentro do sobre B de datos a valorar no sobre C será obxecto de EXCLUSIÓN AUTOMÁTICA.</p> <p>A documentación, presentada en tamaño Din A4, referirase a cada unha das actividades descritas na cláusula 8 do PPT e deberá estar clasificada por apartados e presentarse seguindo a seguinte estrutura:</p> <p>Proposta de Explotación.</p> <p>Referirase a cada unha das actividades descritas na cláusula 4 do PPT e quedará estruturado do seguinte xeito:</p> <p>1-<u>Índice.</u></p> <p>2-<u>Presentación do Proxecto</u>, onde se fará referencia ao concepto global da explotación e de cada un dos servizos a cubrir. O contido deste apartado permitirá apreciar a coherencia da oferta presentada coas esixencias e formulacións conceptuais do PPT, e tamén a coherencia entre os documentos da oferta.</p> <p>3-<u>Proposta Gastronómica</u> a desenvolver polo adxudicatario no complexo da CDC,</p> <p>a) Esixida no PPT,</p>

1- O licitador desenvolverá os mínimos esixidos nas cláusulas 8.1 e 8.2 do PPT, podendo incluír todas as modalidades de prestación alí establecidas,

1- cafetería: Cantina, Roupeiro, Museo, Terrazas e Terraza do Bosque,

2- comida con atención en mesa: Cantina e Museo,

3- comida en autoservizo: Cantina,

4- cáterin: en calquera espazo do complexo, tanto interior como exterior, ademais dos xa citados e especificamente destinados a esta explotación,

A modalidade “3-comida en autoservizo”, prestarase unicamente cando así se propoña na oferta do adxudicatario e coa amplitude que este defina segundo o exposto na cláusula 8.1 do PPT, e se asigna exclusivamente aos espazos da Cantina, por entender que estes espazos resultan máis axeitados considerando as características físicas e funcionais dos locais e a capacidade das súas instalacións.

2- Ademais o licitador desenvolverá o xeito de levar a cabo os seguintes servizos, tamén citados na cláusula 8.1 do PPT,

- continuidade do servizo foras das horas de almorzo e comidas,
- oferta de restauración para fines de semana,
- coordinación coas actividades no complexo,

3- Proposta de Menús. O licitador exporá de xeito claro, conciso e ordenado a súa proposta para os diferentes menús descritos na cláusula 8.2 do PPT,

M1. “Menú do día”, con desenvolvemento específico para o “Menú saudable”,

M2. “Menú do día” na modalidade de autoservizo,

M3 “Menú executivo”,

M4. “Menú almorzo”,

M5. “Menú cáterin”, para os tres rangos descritos,

- Básico,
- Medio,
- Especial,

Para valorar a variedade e calidade dos menús M1 e M2, o licitador deberá presentar na oferta dúas propostas de menús semanais, un para a tempada de primavera-verán e outro para a de outono-inverno, coas receitas, características da elaboración e información nutricional de dous pratos primeiros e dous pratos segundos por tempada, ata un total de oito receitas. Ademais, a proposta deberá de incluír unha programación mensual orientativa para dous meses, un mes para cada unha das tempadas.

b)- Melloras á oferta de restauración esixida no PPT

	<p>propostas polo licitador, O licitador exporá de xeito claro, conciso e ordenado na mesma clasificación do apartado a) anterior, aquelas melloras que decida incorporar á súa oferta sen que estas melloras supoñan variacións nos prezos ofertados para cada servizo.</p> <p>Valorarase de xeito específico a incorporación das seguintes melloras,</p> <ul style="list-style-type: none">- Incorporar un prato a maiores dos dous esixidos para os primeiros e segundos pratos de menú M1 e M2; acompañarase unha descrición de cada un dos novos pratos propostos en relación aos pratos xa descritos no apartado 8.2 do PPT, e das propostas para cada tempada,- Incorporar máis produtos aos mínimos esixidos para o menú M4,- Incorporar máis produtos aos mínimos esixidos para o menú M5, en cada un dos rangos establecidos (básico, medio e especial),- Incorporar a posibilidade de adquirir produtos para levar, en recipientes adecuados e que proporcionará sen custe o adxudicatario, <p>c). Outras melloras á oferta,</p> <p>O licitador exporá aquelas outras melloras que non queden incluídas no apartado b) anterior. No caso de que incorpore a realización de actividades complementarias ás organizadas pola Fundación, éstas se referirán exclusivamente á gastronomía e á alimentación.</p> <p><u>4-Proxecto de Explotación,</u></p> <p>4.1 Organización,</p> <p>Detallarase todo o posible a organización, frecuencias e horarios de apertura e atención ao público dos diferentes locais, os medios humanos e materias necesarios, procesos de traballo, calidades e controis de calidade aplicados para garantir que o servizo prestado aos usuarios sexan de calidade e características sinaladas no PPT.</p> <ul style="list-style-type: none">a) Edificio CECG,<ul style="list-style-type: none">-Cafetería,-Comedor,-Terraza,b) Edificio CINC,<ul style="list-style-type: none">-Cafetería,c) Edificio Museo,<ul style="list-style-type: none">-Comedor,-Cociña,
--	--

	<p>-Terraza interior, -Terraza exterior,</p> <p>d) Terraza do Bosque.</p> <p>Valorarase o desenvolvemento das medidas que o licitador propoña para cumprir ou mellorar as características e condicións esixidas á oferta de restauración da CDC na cláusula 8.1 do PPT.</p> <p>O proxecto de organización (medios humanos e materiais) detallará as previsións e propostas do licitador para as modalidades de servizos de restauración sinaladas no PPT para os espazos sinalados,</p> <ol style="list-style-type: none">1- cafetería: Cantina, Roupeiro, Museo, Terrazas e Terraza do Bosque,2- comida con atención en mesa: Cantina e Museo (este último se non se oferta a seguinte modalidade),3- comida en autoservizo: Cantina (no caso de que o licitador decida optar por esta modalidade),4- cáterin: en calquera espazo do complexo, <p>4.2 Medios,</p> <p>-Medios humanos, incorporarase a seguinte documentación,</p> <p>Cualificación técnica, titulación e experiencia e, de ser o caso, coñecemento de idiomas de todo o persoal con dedicación permanente, aínda que parcial, ao desenvolvemento do contrato; os licitadores incluírán un organigrama, indicando a función, dedicación e orde de incorporación do persoal á execución do contrato.</p> <p>Farase especial referencia aos servizos de cáterin para a combinación das tres modalidades e tres rangos de aforo, sinalando o persoal con dedicación permanente que se poderá destinar a estes servizos, e tamén o perfil profesional do persoal eventual necesario.</p> <p>Política de persoal en materia de selección, contratación, formación, conciliación laboral e relacións humanas, especificándose con relación aos programas de formación das categorías ás que afecta, tempo previsto, etc.</p> <p>-Medios Materiais a aportar polo licitador,</p> <p>Incluírá unha relación detallada dos utensilios, enxoval, cristalería, conxunto de manteis e demais bens necesarios (incluídos os Terminais de Punto de Venta), estruturada nos seguintes apartados,</p> <ul style="list-style-type: none">- equipamento de cociñas, barras e contrabarras,- moblaxe para o comedor e terrazas,- enxoval (cristalería, manteis, xogo de cubertos, utensilios e accesorios en xeral),
--	--

	<p>Deberán acompañarse deseños ou mostras de materiais e produtos, incluída a carta da cafetería.</p> <p>Tamén se acompañará una descrición (textual e gráfica) do deseño da uniformidade proposta.</p> <p>Valorarase a funcionalidade, integración no local e coherencia no deseño dos distintos elementos. Para iso, os licitadores deberán xuntar o detalle das características técnicas e de deseño dos medios técnicos, materiais e enxoval que vaian a ser empregados e/ou estean á vista dos usuarios e clientes.</p> <p style="text-align: center;">-Medios Materiais dos que a Fundación asume o custe,</p> <p>Listaxe dos bens que o licitador considere necesario para completar a dotación xa existente e atender os servizos incorporados ao negocio de acordo co seu Proxecto de Explotación. Incluirá unha relación detallada, con prezos unitarios e resumo total, dos bens e equipos que se propoñen para que a Fundación asuma o seu custe, estruturada nos apartados descritos na cláusula 4.1.c.1 do PPT.</p> <p>Insístese en que neste Sobre B non se incorporarán datos económicos de ningún tipo, agás no listaxe que se solicita para os “Medios Materiais dos que a Fundación asume o custe”.</p> <p>4.3-Outra Documentación,</p> <p>O licitador aportará, a maiores, aquela documentación que lle axude a expoñer mellor o seu proxecto. Incluiranse aqueles certificados que xustifiquen a súa política de responsabilidade social, de xestión da calidade, medioambiental e de seguridade e saúde no traballo.</p> <p>4.4.- Prazo estimado para a apertura da actividade:</p> <p>Expresarase o tempo máximo para a apertura do local e presentarán o programa de posta en servizo da explotación, indicando os principais tempos e fitos, a poder ser mediante un diagrama de Gantt.</p>
--	--

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS MATEMÁTICAS

Documentación	Sobre nº3 ou C
1.- CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE A APLICACIÓN DE FÓRMULAS MATEMÁTICAS	Segundo anexo III.

D. PROCEDEMENTO CON FASES

FASE	CRITERIO DE ADXUDICACIÓN	LIMIAR MÍNIMO
------	--------------------------	---------------

1ª FASE	-	-
2ª FASE	-	-

E. ORGANISMO TÉCNICO ESPECIALIZADO

Non procede

F. COMITÉ DE EXPERTOS

Non procede

PREGO DE CLÁUSULAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE RESTAURACIÓN DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA MEDIANTE PROCEDEMENTO RESTRINXIDO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA (2019-005-SER-A).

ÍNDICE

1. RÉXIME XERAL DA CONTRATACIÓN	34
1.1. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO	34
1.2. TIPIFICACIÓN DO CONTRATO	36
1.3. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE	36
1.4. RECURSOS, MEDIDAS PROVISIONAIS E RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN	36
1.5. XURISDICIÓN COMPETENTE	37
2. ELEMENTOS DO CONTRATO	37
2.1. OBXECTO DO CONTRATO	37
2.2. VARIANTES	37
2.3. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER E IDONEIDADE DO OBXECTO E CONTIDO DO CONTRATO PARA SATISFACELAS	37
2.4. REFERENCIA DO EXPEDIENTE/UNIDADE ADMINISTRATIVA XESTORA / PERFIL DO CONTRATANTE	37
2.5. DURACIÓN DO CONTRATO	38
3. VALOR ESTIMADO, ORZAMENTO, PREZO, REVISIÓN DE PREZOS E GASTOS DE PUBLICIDADE	38
3.1. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO	38
3.2. REVISIÓN DE PREZOS	39
3.3. EXISTENCIA DE CRÉDITO	39
3.4. GASTOS DE PUBLICIDADE	39
4. CAPACIDADE PARA CONTRATAR	39
4.1. CAPACIDADE DAS PERSOAS NATURAIS OU XURÍDICAS	39
4.2. UNIÓN DE EMPRESARIOS	40
5. SOLVENCIA, CLASIFICACIÓN. HABILITACIÓN	41
6. LICITACIÓN	42
6.1. NORMAS XERAIS	42
6.2. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN	44
6.3. SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN (SOBRE A)	44
6.4. SELECCION DE CANDIDATOS E INVITACIÓNS	47
6.5. PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS	48
6.5.1. DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS NON AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS (SOBRE B)	49
6.5.2. DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS (SOBRE C) 53	
7. PROCEDEMENTO DE VALORACIÓN DAS PROPOSICIÓNS	54
7.1. MESA DE CONTRATACIÓN	54
7.2. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS NON VALORABLES DE FORMA AUTOMÁTICA, SOBRE B	54
7.3. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS VALORABLES DE FORMA AUTOMÁTICA, SOBRE C	54
7.4. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	55
7.5. CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS, ADXUDICACIÓN DO CONTRATO E NOTIFICACIÓN DA ADXUDICACIÓN 55	
8. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO: PRAZO E CONTIDO	58
9. EXECUCIÓN DO CONTRATO	60
9.1. FORMA DE EXECUCIÓN	60
9.2. PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA DO CONTRATO	60
9.3. RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA. TRANSFERENCIA DO RISCO OPERACIONAL E MANTEMENTO DO EQUILIBRIO ECONÓMICO	61
9.4. SECUESTRO OU INTERVENCIÓN DO SERVIZO. INCUMPRIMENTO DO CONCESIONARIO	61
9.5. PROPIEDADE INTELLECTUAL E INDUSTRIAL	61
9.6. PROXECTO DE OBRAS	62
9.7. CONFIDENCIALIDADE E DEBER DE SIXILO	62
9.8. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL	62
9.9. SUBROGACIÓN	65
9.10. PERSOAL DO CONTRATISTA	66
9.11. RESPONSABLE DO CONTRATO	67
9.12. MODIFICACIÓNS DO SERVIZO	67
9.13. CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN DO SERVIZO	69
9.14. GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA	70
9.15. SUSPENSIÓN DO CONTRATO	70
9.16. INCUMPRIMENTO DO CONTRATO. PENALIDADES	70
9.17. FORMA DE PAGAMENTO	71
9.18. TRANSMISIÓN DOS DEREITOS DE COBRAMENTO	72
10. EXTINCIÓN DO CONTRATO	73



10.1	CUMPRIMENTO DO CONTRATO	73
10.2	RESOLUCIÓN DO CONTRATO	73
10.3	GARANTÍA DO SERVIZO PRESTADO.....	74
10.4	DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.....	74

ANEXOS

Anexo I. Presentación do licitador e a solicitude de participación

Anexo II. DEUC e Orientacións para cubrir o DEUC

Anexo III. Declaración complementaria ao DEUC

Anexo IV. Modelo de proposición económica (referida a criterios avaliábeis a través de fórmulas matemáticas)

Anexo V. Modelo de declaración responsable sobre a inscrición en rexistros de licitadores e non variación dos datos reflectidos nos seus certificados

Anexo VI. Datos para a facturación electrónica

Anexo VII: Relación do persoal do servizo actual

PREGO DE CLÁUSULAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DO SERVIZO DE RESTAURACIÓN DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA MEDIANTE PROCEDEMENTO RESTRINXIDO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA (2019-005-SER-A).

RÉXIME XERAL DA CONTRATACIÓN

RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Segundo o artigo 113 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e o artigo 3.1.e) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), a Fundación Cidade da Cultura de Galicia, como fundación que foi constituída cunha achega maioritaria pola Xunta de Galicia, é unha entidade pertencente ao sector público e, asemade, en virtude do artigo 3.3 da LCSP, participa da condición de poder adxudicador para os efectos desa lei.

De conformidade co artigo 26 da LCSP os contratos que celebre a Fundación terán carácter privado. Os contratos privados que celebren os poderes adxudicadores que non pertencen á categoría de Administracións Públicas, rexeranse polo disposto no Título I do Libro Terceiro da LCSP, en canto á súa preparación e adxudicación. En canto aos seus efectos e extinción seranlles aplicables as normas de dereito privado, e aquelas normas ás que se refire o parágrafo primeiro do artigo 319 en materia ambiental, social ou laboral, de condicións especiais de execución, de modificación do contrato, de cesión e subcontratación, de racionalización técnica da contratación; e a causa de resolución do contrato referida á imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205.

A contratación que se vaia realizar tipifícase como **contrato concesión de servizos**, de conformidade co establecido no artigo 15 da LCSP, e queda sometida á dita lei (artigos 284 a 297), así como ao Real decreto 773/2015, de modificación parcial do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, ao Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, en canto continúe vixente, e ao Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, ou ás normas regulamentarias que os substitúan, na Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, na Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración, e nas demais normas e disposicións de igual ou inferior rango que modifiquen ou complementen as anteriores e que sexan de aplicación, e ás cláusulas contidas no presente prego de cláusulas particulares.

Así mesmo, a execución do servizo axustarase á normativa vixente en materia de hixiene e seguridade alimentaria, así como ás normas aplicables en materia de consumo en defensa do consumidor e usuario, e son especialmente de aplicación as seguintes normas:

- Real decreto 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas, e referida á aplicación do establecido nas guías de prácticas correctas de hixiene e sistemas de autocontrol APPCC (análise de perigos e puntos de control críticos) para este tipo de establecementos.
- Real decreto 640/2006, de 26 de maio, polo que se regulan determinadas condicións de aplicación das disposicións comunitarias en materia de hixiene, da produción e comercialización dos produtos alimenticios.
- Real decreto 109/2010, do 5 de febreiro, polo que se modifican diversos reais decretos en materia sanitaria para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e á Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación

de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

- Real decreto 191/2011, de 18 de febreiro, sobre Rexistro Xeral Sanitario de Empresas Alimentarias e Alimentos.
- Real decreto 1420/2006, do 1 de decembro, sobre prevención da parasitose por anisakis nos produtos da pesca subministrados por establecementos que serven comida aos consumidores finais ou a colectividades.
- Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.
- A Lei 42/2010, do 30 de decembro, pola que se modifica a Lei 28/2005, do 26 de decembro, de medidas sanitarias fronte ao tabaquismo e reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco. En cumprimento desta normativa, está prohibido fumar en todas as dependencias e locais destinados ao servizo da cafetería e de comedor. Débese facer constancia desta prohibición mediante carteis informativos colocados en lugares visibles do recinto da cafetería. Tampouco está permitida a instalación de máquinas expendedoras de tabaco, nin a súa venda.
- Real decreto 126/2015, de 27 de febreiro, polo que se aproba a norma xeral relativa á información alimentaria dos alimentos que se presenten sen envasar para a venda ao consumidor final e ás colectividades, dos envasados nos lugares de venda a petición do comprador, e dos envasados polos titulares do comercio ao por menor.

O órgano de contratación ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ten as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

En caso de discrepancia entre o presente prego e o prego de prescricións técnicas ou calquera outro documento contractual, prevalecerá o presente prego.

O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos ou dos documentos anexos que forman parte deste non exime o contratista da obrigaón do seu cumprimento. No suposto de cofinanciamento con fondos europeos, este contrato deberá someterse ás disposicións do Tratado da Unión Europea e aos actos fixados na súa virtude, e será coherente coas actividades, políticas e prioridades comunitarias en prol dun desenvolvemento sustentable e mellora do ambiente, debendo promover o crecemento, a competitividade, o emprego e a inclusión social, así como a igualdade entre homes e mulleres, de conformidade co disposto no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello.

Estando previsto o financiamento do contrato con cargo a fondos comunitarios quedará suxeito á normativa comunitaria, nacional e autonómica que resulte aplicable ás operacións cofinanciadas co dito fondo. En particular, deberán respectarse as disposicións pertinentes do Regulamento (UE) nº 1303/2013. Na letra B.4 do cadro de características do contrato sinalarase o fondo e o regulamento de aplicación.

TIPIFICACIÓN DO CONTRATO

A tipificación da presente contratación sinalase na descrición do contrato da portada do presente prego como un contrato de concesión servizos, conforme ao establecido nos artigos 15 e 25 LCSP, e non está suxeito a regulación harmonizada.

PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

O obxecto do contrato é a concesión dun servizo dos recollidos no Anexo IV da LCSP e por tal motivo, e conforme ao establecido no artigo 131.2 LCSP, o contrato adxudicarase mediante o procedemento restrinxido regulado nos artigos 160 a 165 LCSP.

O procedemento restrinxido configúrase en dúas fases:

- A primeira fase ten por obxecto a selección das candidaturas que serán convidadas a presentar proposicións, con arranxo aos criterios obxectivos de solvencia que se determinan nos apartados F.2 e F.3 do cadro de características. A este respecto, o número mínimo de empresas ás que se convidará a participar no procedemento será de 5, sempre e cando cumpran os criterios de selección. Non se establece un número máximo.
- Nunha segunda fase, a adxudicación realizarase empregando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade-prezo, que se detallan no apartado B do CADRO DE CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO deste prego, por ser os adecuados para avaliar as proposicións segundo as características das prestacións a realizar.

RECURSOS, MEDIDAS PROVISIONAIS E RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN

1.4.1. As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación e resolución do contrato, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación.

1.4.2. Conforme ao previsto no artigo 44.6 da LCSP, os actos que se diten nos procedementos de adxudicación de contratos das Administracións Públicas que non reúnan os requisitos do apartado 1 poderán ser obxecto de recurso de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa. No caso de actuacións realizadas por poderes adxudicadores que non teñan a condición de Administracións Públicas, aquelas impugnananse en vía administrativa de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ante o titular do departamento, órgano, ente ou organismo ao que estea adscrita a entidade contratante ou ao que corresponda a súa tutela. Se a entidade contratante estivese vinculada a máis dunha Administración, será competente o órgano correspondente da que ostente o control ou participación maioritaria.

No caso da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, o organismo ao que está adscrita e corresponde a súa tutela é a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.

XURISDICIÓN COMPETENTE

1.5.1. A orde xurisdiccional competente para resolver as cuestións litixiosas relativas á preparación e adxudicación do contrato será a contencioso administrativa.

1.5.2. A orde xurisdiccional civil será competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción do contrato, que se dirimirán ante os Xulgados e Tribunais Ordinarios da cidade de Santiago de Compostela, con renuncia a calquera outro foro que puidese corresponderlles.

ELEMENTOS DO CONTRATO

OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a realización do servizo que se indica na portada e no cadro de características do contrato do presente prego.

Cando a contratación se fraccione en lotes, o obxecto de cada lote constitúe unha unidade funcional susceptible de realización independente.

A execución do obxecto do contrato debe adecuarse ás condicións que figuran no contrato, neste prego e no prego de prescricións técnicas, se fora o caso, documentos que teñen carácter contractual.

O dito obxecto corresponde aos códigos da nomenclatura Vocabulario común de contratos (CPV) da Comisión Europea e da nomenclatura da Clasificación de produtos por actividades (CPA) que, se fora o caso, se indican na portada deste prego.

VARIANTES

Cando así se indique na letra J do cadro de características do contrato, admitirase a presentación de variantes sobre os elementos e nas condicións que no dito cadro se determinan.

NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER E IDONEIDADE DO OBXECTO E CONTIDO DO CONTRATO PARA SATISFACELAS

Son as sinaladas no punto “Descrición do contrato” do cadro de características deste prego de cláusulas administrativas particulares.

REFERENCIA DO EXPEDIENTE/UNIDADE ADMINISTRATIVA XESTORA / PERFIL DO CONTRATANTE

2.4.1. O órgano de contratación é o que se indica na portada deste prego e o seu perfil de contratante está aloxado na Plataforma de contratos públicos de Galicia (www.contratosdegalicia.gal) onde se poderá consultar toda a documentación e información de relevancia deste procedemento.

2.4.2. O órgano de contratación ten facultade para adxudicar o correspondente contrato e, en consecuencia, ten as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición á normativa aplicable. Así mesmo ostenta a facultade de inspección das actividades desenvolvidas polos contratistas durante a execución do contrato nos termos e límites sinalados na lei.

Os acordos que a este respecto dite serán executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

DURACIÓN DO CONTRATO

2.5.1. A duración do contrato, o prazo de execución total, os prazos de execución parciais, se fora o caso, ou a data de inicio do servizo son os que figuran na letra C do cadro de características do contrato, son indicativos e poderán ser modificados, se fora o caso, como consecuencia da licitación.

2.5.2. No suposto de contrato de resultado, o prazo máximo de execución empeza a contar desde o día que se estipule no contrato.

De conformidade co establecido no artigo 195.2 da LCSP, o dito prazo de execución poderá prorrogarse cando o contratista non poida cumprilo por causas totalmente imprevistas e que non lle sexan imputables, sempre que as xustifique debidamente.

2.5.3. No suposto de contratos de actividade por prezo a tanto global ou por unidades de execución ou de tempo, o prazo máximo de vixencia é o indicado na letra C, ou ben ata que se esgote o seu orzamento máximo, no suposto de que este feito se produza con antelación ao cumprimento do prazo antes sinalado.

O prazo de vixencia poderá ser prorrogado de conformidade co establecido no artigo 29.2 da LCSP, se así se indica na letra D do cadro de características do contrato. No suposto de que o contrato se prorrogue, as súas características permanecerán inalterables durante o período de duración desta agás as modificacións que se poidan introducir conforme ao 203 ao 207 da LCSP.

A execución das unidades que solicite a Fundación levarase a cabo de acordo co establecido na cláusula 9 e o estipulado no contrato, nos prazos máximos que se indiquen desde que se formalice cada solicitude.

VALOR ESTIMADO, ORZAMENTO, PREZO, REVISIÓN DE PREZOS E GASTOS DE PUBLICIDADE

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO E ORZAMENTO

3.1.1. O orzamento máximo de licitación da presente contratación, excluído o IVE que debe soportar a Fundación, figura na letra A do cadro de características do contrato, e poderá ser modificado á baixa como consecuencia da licitación. Indícase, así mesmo, o importe correspondente ao IVE e o importe total do contrato, IVE incluído.

3.1.2. No suposto de prezo a tanto global, a letra A.1 indicará o orzamento máximo de licitación.

3.1.3. O licitador que resulte adxudicatario procederá ao ingreso a favor da Fundación dun canon establecido no apartado A.2 do cadro de características. A forma de proceder ao ingreso se configura no apartado P do cadro de características.

3.1.4. No suposto de que se utilice outro sistema de determinación do prezo do contrato, indicarse o dito sistema na letra A.2, así como o orzamento de gasto máximo que se prevé para o contrato.

3.1.5. No suposto de licitación por lotes, a letra A.3 desagregará o orzamento máximo de licitación por cada un dos lotes e indicará o orzamento de gasto máximo da totalidade dos lotes.

3.1.6. As anualidades en que se distribúe o gasto, así como o financiamento do contrato, no caso de financiamento conxunto, constarán na letra B do cadro de características do contrato.

O órgano de contratación ten a facultade de reaxustar as anualidades cando as exixencias de execución o aconsellen.

3.1.7. O valor estimado do contrato, calculado de conformidade co artigo 101 da LCSP, é o que figura na letra A.4 do cadro de características do contrato.

REVISIÓN DE PREZOS

A procedencia ou non da revisión de prezos periódica e predeterminada, o sistema, índice ou fórmula de revisión de prezos aplicable á presente contratación, así como o seu sistema de aplicación, se fora o caso, indícanse na letra G do cadro de características do contrato, de

acordo co previsto nos artigos 103 a 105 LCSP. O sistema, índice ou fórmula indicados tamén se aplicarán no caso de prórroga do contrato.

A revisión de prezos terá lugar, se fora o caso, cando o contrato se executase ao menos no 20% do seu importe e transcorresen dous anos desde a súa formalización.

EXISTENCIA DE CRÉDITO

Dispónse do crédito orzamentario preciso para atender as obrigacións que deriven para o órgano de contratación do cumprimento do contrato ata a súa conclusión.

En caso de tramitación anticipada do gasto, a adxudicación do contrato sométese á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio correspondente para facer fronte ás obrigacións derivadas do contrato.

A consignación orzamentaria das obrigacións económicas que derivan do presente contrato figura na letra B do cadro de características do contrato.

GASTOS DE PUBLICIDADE

O importe máximo de gastos de publicidade do presente procedemento consignarase na letra N do cadro de características deste prego de cláusulas administrativas particulares.

En caso de financiamento do contrato con fondos estruturais e de investimentos europeos (ESI), serán por conta do adxudicatario os gastos necesarios para a instalación dun cartel e/ou placa ou elaboración doutro material publicitario que resulten exhibibles en cumprimento das obrigacións de información e publicidade aplicables a cada fondo, nos termos establecidos na correspondente estratexia ou plan de comunicación. Os requisitos de formato e contido exhibibles ao cartel, placa ou outro material que resulte exhibible serán especificados polo órgano de contratación.

CAPACIDADE PARA CONTRATAR

CAPACIDADE DAS PERSOAS NATURAIS OU XURÍDICAS

4.1.1. Segundo o disposto no artigo 65.1, poderán contratar co sector público as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se achen comprendidas nalguna das circunstancias inhabilitantes previstas no artigo 71 da LCSP e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou dos Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo teñen capacidade para contratar sempre que, conforme a lexislación do Estado en que estean establecidas, se encontren habilitadas para realizar a prestación que constitúe o obxecto do contrato.

As empresas non comunitarias rexeranse polo disposto no artigo 68 da LCSP.

4.1.2. No caso de ser considerado un contrato reservado acollido á Disposición Adicional cuarta da LCSP só poderán presentarse á presente licitación os centros especiais de emprego ou empresas de inserción laboral legalmente constituídos que acrediten ante o órgano de contratación dispor de tal cualificación.

4.1.3. Respecto á concorrencia á licitación daqueles empresarios que participasen na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do presente contrato, estarase ao disposto no artigo 70 da LCSP.

4.1.4. Se durante a tramitación dun procedemento e antes da formalización do contrato se producise unha operación de fusión, escisión, transmisión do patrimonio empresarial ou dunha rama da actividade, sucederlle á empresa licitadora ou candidata na súa posición no procedemento a sociedade absorbente, a resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirente do patrimonio empresarial ou da correspondente rama de actividade, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibición de contratar e acredite a súa solvencia e clasificación nas condicións esixidas no prego de cláusulas administrativas particulares para poder participar no procedemento de adxudicación.

UNIÓNS DE EMPRESARIOS

Segundo o disposto no artigo 69 da LCSP, poden contratar coa Administración as unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto, sen que sexa necesaria a súa formalización en escritura pública ata que se efectuase a adxudicación do contrato ao seu favor.

Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, conforme aos artigos 74 e seguintes e 86 e seguintes da LCSP e aos artigos 9 a 16 do RXLCAP, sen prexuízo da posibilidade de acumulación a efectos da solvencia establecida no artigo 24 do RXLCAP, así como da clasificación de conformidade co disposto no artigo 52 RXLCAP.

Os empresarios que estean interesados en formar as unións ás que se refire o presente artigo, poderán darse de alta no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, que especificará esta circunstancia. Se xa estiveran inscritos no citado Rexistro unicamente deberán comunicarlle a este, na forma que se estableza regulamentariamente, o seu interese no sentido indicado.

Consonte prescribe o artigo 24 do RXLCAP, para que durante a fase previa á adxudicación do contrato a unión temporal sexa eficaz fronte á Administración será necesario que os empresarios que desexen concorrer integrados na dita unión temporal indiquen en documento privado os nomes e circunstancias daqueles que a subscriban, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas, no caso de resultar adxudicatarios. O dito escrito deberá designar a persoa que durante a vixencia do contrato ostenta a representación de todos eles fronte á Fundación.

A duración da unión temporal de empresarios será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

SOLVENCIA, CLASIFICACIÓN. HABILITACIÓN

5.1. A solvencia económica, financeira e técnica ou profesional exixible, se fora o caso, no presente contrato, acreditarase polos medios que se indican na letra F do cadro de características do contrato, na cal constan os criterios de selección e os requisitos mínimos para a súa acreditación, así como a clasificación correspondente ao obxecto e contía do contrato.

A solvencia se acreditará indistintamente mediante a clasificación ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia exixidos neste prego.

5.2. Ademais da solvencia exixida, se fora o caso, nos números 1 a 4 da letra F, o órgano de contratación pode esixir a adscripción á execución do contrato, como mínimo, os medios persoais e/ou materiais que se indican na letra F.5. Se non se indica nada, enténdese que non existen esixencias adicionais.

Nos supostos en que se sinalase algunha exigencia na letra F.5 do cadro de características do contrato, e así se indique expresamente, no presente contrato esíxese, de conformidade co artigo 76 da LCSP, que os licitadores concreten as condicións de solvencia mediante algún destes medios:

- a especificación dos nomes e a cualificación profesional do persoal responsable de executar a prestación; e/ou
- o compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para levalo a cabo adecuadamente.

Neste caso, o órgano de contratación pode atribuír a estes compromisos o carácter de obrigacións esenciais para os efectos previstos no artigo 211.1.f) da LCSP ou establecer penalidades de conformidade co artigo 192.1 da LCSP e a cláusula 9.15 deste prego.

Estes documentos deberán detallarse na súa oferta e deben presentarse xunto coa documentación acreditativa da súa solvencia.

5.3. No suposto en que o empresario acredite a súa solvencia mediante a clasificación deberá acreditar a clasificación que se indica na letra F.1 do cadro de características do contrato, que corresponde ao obxecto e contía do presente contrato.

Cando sexa posible acreditar a solvencia mediante a clasificación e concorra á licitación unha unión de empresarios integrada por empresarios nacionais, estranxeiros que non sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea e estranxeiros que sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, os que pertencen aos dous primeiros grupos poderán acreditala mediante a súa clasificación, e estes últimos mediante a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

5.4. Os licitadores deberán acreditar a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional a través dos medios de xustificación que figuran nos números 2 e 3 da letra F do cadro de características do contrato ou da clasificación indicada na letra F.1.

Os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea acreditarán a súa solvencia técnica, económica e financeira a través dos mesmos medios de xustificación que os empresarios españois, tal como se indica na letra F.4 do cadro de características do contrato.

A acreditación da solvencia poderá realizarse ou completarse cos medios que consten no certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (en adiante ROLECSP) ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (en adiante RXC-Galicia), que achegue o licitador.

5.5. Os certificados de clasificación ou documentos similares que fosen expedidos por Estados membros da Unión Europea a favor dos seus propios empresarios constituirán unha presunción de aptitude nos termos sinalados no artigo 97.1 da LCSP.

5.6. Tratándose dun contrato suxeito a regulación harmonizada, o órgano de contratación poderá exixir, na letra F.3 do cadro de características do contrato, a acreditación do cumprimento das normas de garantía da calidade ou de xestión medioambiental, de conformidade cos artigos 93 e 94 da LCSP.

5.7. No suposto en que se exixa unha habilitación empresarial ou profesional para a realización da actividade ou prestación obxecto do contrato, poderá especificarse esta na letra F.6 do cadro de características do contrato. En calquera caso o licitador é responsable de estar en posesión e poder acreditar que conta coas habilitacións exixidas pola normativa que sexa de aplicación.

5.8. O órgano de contratación ou a mesa de contratación poderá solicitar dos licitadores as aclaracións sobre os certificados e documentos presentados que considere pertinentes, ou requirilos para a presentación doutros complementarios.

LICITACIÓN

NORMAS XERAIS

A presentación de solicitudes de participación e das proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicional das cláusulas deste prego, do prego de prescricións técnicas e resto de documentos contractuais, na súa totalidade e sen excepción algunha. Tamén supón a autorización ao órgano de contratación para consultar os datos que figuren no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECSP) ou Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC-Galicia), ou nas as listas oficiais de operadores dun Estado membro da Unión Europea, aos únicos efectos da comprobación dos seus datos para esta licitación.

Cada persoa non poderá presentar máis dunha solicitude de participación e dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha solicitude e proposición en UTEs con outras se o fixo individualmente nin figurar en máis dunha UTEs. A infracción destas normas dará lugar á inadmisión de todas as propostas por ela subscritas.

Os interesados deberán presentar as súas ofertas referidas á totalidade da concesión de servizos obxecto do contrato.

A presentación de distintas proposicións por empresas vinculadas producirá os efectos que regulamentariamente se determinen en relación coa aplicación do réxime de ofertas con valores anormais ou desproporcionados previsto no artigo 147 LCSP. Para tales efectos, considéranse empresas vinculadas as que se atopen nalgún dos supostos do artigo 42 do Código de Comercio.

Os documentos deberán presentarse en lingua galega ou castelán ou, noutro caso, acompañada da súa correspondente tradución oficial.

O licitador deberá presentar a documentación esixida en documentos orixinais ou copias que teñan carácter de auténticas conforme a lexislación vixente.

Os documentos e datos presentados polos licitadores poden ser considerados de carácter **confidencial** cando a súa difusión a terceiros poida ser contraria aos seus intereses comerciais lexítimos ou prexudicar a leal competencia entre as empresas do sector.

Por conseguinte, serán os licitadores ou candidatos os que deben identificar a documentación ou a información que consideran que ten carácter confidencial, e non será admisible que efectúen unha declaración xenérica ou declaren que todos os documentos ou toda a información teñen carácter confidencial. Esta circunstancia deberá reflectirse nos anexos I ou III (declaración responsable) e no propio documento sinalado como tal en forma sobreimpresa, á marxe ou de calquera outra forma visible.

A extensión da confidencialidade a toda a proposta por un licitador considerarase impropcedente.

Os licitadores poderán designar como confidenciais algún/s dos documentos achegados na súa oferta. Esta circunstancia deberá reflectirse claramente (de calquera forma ou á marxe) no propio documento designado como tal.

Así mesmo, deberán xuntar unha memoria onde xustifiquen os motivos ou circunstancias segundo os cales debe recoñecerse este carácter de confidencialidade e os concretos

prexuízos económicos que o seu acceso podería ocasionar para os efectos de que o órgano de contratación poida verificar o mantemento dun adecuado equilibrio dos dereitos de todos os licitadores.

En todo caso, terá carácter confidencial a documentación facilitada polos empresarios para acreditar a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, de acordo co establecido no artigo 133 de la LCSP.

Tamén terá carácter confidencial os datos de carácter persoal obxecto da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais i garantía dos dereitos dixitais, salvo que de forma expresa se autorice a comunicación ou a cesión. Non obstante, non terá carácter confidencial a información que conste en rexistros públicos e que, ademais, sexa de acceso público.

Para o caso de que non haxa declaración de confidencialidade dos empresarios ou esta sexa incompleta, o órgano de contratación actuará segundo o seguinte procedemento:

- Antes de decidir que documentos ou información teñen carácter confidencial, dará traslado ao licitador ou candidato da solicitude de información presentada por outras empresas interesadas no procedemento para que se poida pronunciar de forma xustificada.

- Os licitadores deberán identificar os documentos achegados na súa oferta que teñan tal carácter deixando constancia disto (de calquera forma ou á marxe) no propio documento designado como tal.

Así mesmo, deberán xuntar unha memoria onde xustifiquen os motivos ou circunstancias segundo os cales debe recoñecerse este carácter e os concretos prexuízos económicos que o seu acceso podería ocasionar.

- O órgano de contratación non poderá divulgar a información facilitada polos licitadores que estes designasen como confidencial segundo os motivos e circunstancias que estes manifestasen.

- No suposto de que un licitador non motive ou concrete as circunstancias xustificativas da súa declaración de confidencialidade ou siga mantendo unha declaración xenérica do carácter confidencial de toda a súa oferta, entenderase esta como inmotivada e o órgano de contratación reservará para si o dereito de considerar que documentación debe considerarse confidencial exonerándoo de toda responsabilidade por calquera erro de apreciación en canto ao carácter confidencial ou non da información facilitada.

O órgano de contratación pode non comunicar determinados datos relativos á adxudicación cando considere, xustificándoo debidamente no expediente, que a divulgación desta información pode obstaculizar a aplicación dunha norma, resultar contraria ao interese público ou prexudicar intereses comerciais lexítimos de empresas públicas ou privadas ou a competencia leal entre elas, entre outros.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN

6.2.1. As solicitudes de participación presentaranse na forma indicada nos números seguintes, no lugar e prazo sinalados no punto I do cadro de características do presente prego, no anuncio de licitación e no perfil do contratante (www.contratosdegalicia.gal).

6.2.2. Os sobres entregaranse no rexistro do órgano de contratación que se sinala na letra I do cadro de características do presente prego, no enderezo e horario sinalados. As oficinas receptoras darán recibo de cada proposición ao presentador, en que constará o nome do licitador, a denominación do contrato obxecto da licitación e o día e hora da presentación. Unha vez entregada a proposición no rexistro, non poderá ser retirada.

6.2.3. Como alternativa á presentación no rexistro, os licitadores poderán enviar as proposicións por correo. Neste caso, o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos (será requisito indispensable que se trate dunha oficina de Correos prestadora do servizo postal universal) e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax, burofax ou telegrama no mesmo día, tal e como se indica no punto I do cadro de características. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data en que finaliza o prazo sinalado no anuncio.

Transcorridos, porén, os dez días naturais seguintes á data indicada sen recibirse a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Unha vez remitida a proposición por correo, non poderá ser retirada.

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN (SOBRE A)

Deberá ter o seguinte título: **sobre A: Solicitud de participación para tomar parte na contratación da concesión do servizo de restauración da Cidade da Cultura de Galicia mediante procedemento restrinxido non suxeito a regulación harmonizada (2019-005-SER-A).**

O sobre presentaranse da seguinte maneira:

- Asinados polo licitador ou, se é o caso, polo representante legal da entidade que asina toda a documentación. Se se trata dunha unión temporal de empresas, indicaranse os datos de cada un dos empresarios, e os sobres deben ir asinados polos representantes de cada unha das empresas integrantes da unión.
- Con indicación, no seu exterior, do NIF, nome e apelidos do licitador ou, se é o caso, denominación social, teléfono, fax, enderezo e correo electrónico.
- Debidamente cerrados, de tal maneira que se garanta que permanezan nese estado ata a data da súa apertura.
- Ademais, os licitadores que se encontren inscritos no ROLECSP ou no RXC-Galicia deberán facelo constar no exterior do sobre A (con indicación do número de inscrición do rexistro galego, se é o caso).
- No interior de cada sobre farase constar en folla independente o seu contido, enunciado numericamente.

O seu **contido** será o seguinte:

6.3.1. A Presentación do licitador e a solicitude de participación, conforme o modelo que se achega como **Anexo I** a este prego.

6.3.2. Declaración do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración. (**Anexo II**). Para tal fin, os licitadores deberán achegar o **DEUC** (documento europeo único de contratación). O DEUC configúrase como unha declaración formal que achegan os licitadores ou operadores económicos no momento da presentación das ofertas, substituindo os certificados expedidos polas autoridades públicas ou por terceiros, e polo que se confirma que o operador económico cumpre as condicións seguintes:

- Que non se encontra en ningunha das situacións de exclusión ou posible exclusión previstas na normativa de contratos (prohibicións de contratar).
- Que cumpre os criterios de selección pertinentes (os criterios de solvencia).

Pode accederse ao formulario DEUC na web da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, na epígrafe da Xunta consultiva de contratación administrativa, en formato .odt:

- versión en galego: <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>
- versión en castelán: <http://www.conselleriadefacenda.es/é/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>

Así mesmo, para facilitarles aos licitadores o proceso de cubrir a declaración, terán á súa disposición os seguintes vínculos nos que poderán acceder a:

1. A Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa sobre o seu emprego, aprobada mediante Resolución do 6 de abril de 2016, da Dirección Xeral de Patrimonio do Estado (BOE núm. 65, do 8 de abril de 2016): https://www.boe.es/boe/dias/2016/04/08/pdfs/BOE-A-2016-339_2.pdf
2. O Regulamento (UE) núm. 2166/7 da Comisión, do 5 de xaneiro de 2016, que establece o formulario normalizado do DEUC: <https://www.boe.es/doue/2016/003/L00016-00034.pdf>
3. Instrucións que figuran no ANEXO I que conteñen orientacións para elaborar o formulario DEUC.

Regras específicas en canto ao DEUC;

O licitador que participe pola súa conta e que non recorra á capacidade doutras entidades para cumprir os criterios de selección deberá cumprimentar un só DEUC.

Respecto á parte IV.B do DEUC, os licitadores deberán facilitar os datos requiridos na cláusula F.2 do cadro de características.

Respecto á parte IV.C do DEUC, os licitadores deberán facilitar: os datos requiridos na F.3 do cadro de características: datos dos traballos esixidos (concepto, importe IVE excluído, datas de inicio e remate e destinatario).

Deberá cubrirse a parte V do DEUC, relativa ao cumprimento dos criterios de selección para reducir o número de candidatos aos que se invitará a presentar ofertas.

Cando a empresa licitadora recorra á solvencia e medios doutra ou outras entidades (artigo 74 LCSP), xunto co seu propio DEUC tamén debe presentar o DEUC de cada unha das entidades a cuxa solvencia e/ou medios recorra (tantos DEUC como entidades), asinado e coas seccións A e B da parte II e a parte III debidamente cubertas e, consignar a información na parte IV sempre que resulte pertinente no que respecta á capacidade ou capacidades específicas nas que se basee o operador.

As empresas licitadoras deberán cubrir a sección D da parte II do DEUC de maneira que achegue os datos sobre a/s parte/s do contrato que teña previsto subcontratar e a porcentaxe desa parte ou de cada unha das partes que teña previsto subcontratar (sen mencionar en ningún caso as contías económicas e o nome dos subcontratista).

No caso das UTE's que participen conxuntamente no procedemento, deberán presentar un DEUC separado por cada empresa, no que figure a información requirida nas partes I a IV, por cada empresa.

6.3.2. Ao DEUC deberá sempre xuntarse a **declaración complementaria** que se xunta ao presente prego como **ANEXO III**.

6.3.3. Inscripción no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público ou no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma (declaración de inscrición recollida no ANEXO V); cando os licitadores estean inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, ou cando cumpra de conformidade co establecido no apartado 2 do artigo 96 no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, indicarán dita inscrición no exterior dos sobres presentados, e incluírá neste sobre A, unha declaración responsable segundo modelo anexo IV sobre a inscrición en ditos rexistros e non variación dos datos reflectidos nos seus certificados.

6.3.4. Solvencia económica e técnica; os licitadores deberán presentar dentro do sobre A;

■ SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA;

Acreditarase por ambos os dous medios seguintes:

a) Declaración responsable do **volumen anual de negocios**, referido aos tres últimos exercicios concluídos.

Reputarase solvente se o volume anual de negocios do licitador, referido ao ano de maior volume de negocios dos tres últimos concluídos, sexa igual ou superior ao **75% do importe anual da cifra de negocios prevista no estudo de viabilidade para o primeiro ano de explotación**, (é dicir, igual ou superior ao 75% de 451.190,88 €).

O período dos tres últimos anos contarase cara atrás, tomando como data de partida a de presentación de ofertas. O volume anual de negocios do licitador acreditarase por medio das súas contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito no devandito rexistro, e en caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Para os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil, acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

b) **Acreditación da existencia dunha póliza de seguros que cubra os riscos de incendio dos locais e de responsabilidade civil;** o contratista deberá ter subscrito un contrato de seguro que cubra os riscos de incendio dos locais e de responsabilidade civil por danos á concorrente e a terceiros derivados das condicións dos locais, das súas instalacións e servizos, así como da actividade desenvolta e do persoal vinculado ao adxudicatario que preste os seus servizos no mesmo. O contratista deberá asegurar de maneira diferenciada os riscos por incendio e de responsabilidade civil, este último baixo a modalidade de responsabilidade civil por explotación, aínda que, se admitirá o aseguramento do risco baixo calquera outra denominación. No caso do contrato de seguro de incendios, a contía mínima esixida referirse, obrigatoriamente, ao continente, sendo voluntaria a cobertura deste risco no que se refire ao contido.

Importes:

- Capital mínimo asegurado para risco de incendio: 100.000 €
- Capital mínimo asegurado para risco de responsabilidade civil: 100.000 euros.

En ambos casos sen franquía algunha.

Incluírá a póliza de seguros segundo o indicado na cláusula F.2 do cadro de características, que garanta o mantemento da súa cobertura durante toda a execución do contrato, que cubra os danos derivados de intoxicación e danos aos usuarios, así como os danos materiais ou desperfectos causados ao local, mobiliario e equipamento fixo e móbil propiedade do centro.

A acreditación deste requisito efectuarase por medio de certificado expedido polo asegurador, no que consten os importes e riscos asegurados e a data de vencemento do seguro, e

mediante o documento de compromiso vinculante de subscripción, prórroga ou renovación do seguro, nos casos en que proceda.

■ **SOLVENCIA TÉCNICA.**

Acreditarse polo medio seguinte:

a) Declaración xurada coa relación de negocios de restauración en explotación ou que teñan sido explotados pola empresa licitadora nos últimos tres anos, cunha breve descrición e volume de ingresos. Os licitadores deberán acreditar, mediante a achega de certificados de boa execución, explotar ou ter explotado, nos últimos tres anos, alomenos, un establecemento de restauración.

Se reputará solvente cando acrediten un importe anual acumulado, no ano de maior execución, igual ou superior a 75.000,00 €.

- Cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica se acreditará polo seguinte medio:

i) Declaración sobre a plantilla media anual da empresa e do número de directivos durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

SELECCION DE CANDIDATOS E INVITACIÓNS

O órgano de contratación estará asistido, para a selección de candidatos e para adxudicación do contrato, pola Mesa de Contratación á que se retire a cláusula 7.1 deste prego.

Concluído o prazo de presentación de solicitudes de participación, a Mesa de Contratación procederá á apertura e cualificación da documentación relativa á capacidade e solvencia presentada polos licitadores en tempo e forma no denominado Sobre A.

Se a Mesa observase defectos ou omisións emendables na documentación presentada comunicarallo ás partes interesadas, concedéndolles un prazo de 3 días naturais para a súa corrección ou emenda. De igual forma, a mesa poderá solicitar das empresas licitadoras a presentación de documentación complementaria ou aclaratoria da xa achegada, outorgándolles neste caso un prazo de 5 días naturais.

Unha vez cualificada a documentación presentada e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións observados, a Mesa de Contratación procederá a determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección de candidatos que recolle este prego, con pronunciamento expreso sobre as empresas admitidas a licitación, as rexeitadas e as causas do seu rexeitamento.

De todas as actuacións practicadas pola mesa deixarase constancia nas actas correspondentes, nas que figurará o resultado do procedemento e as súas incidencias.

O resultado dos actos da Mesa de Contratación coa cualificación, admisión ou exclusión das solicitudes publicaranse no perfil de contratante. Excluirase aquela información que non sexa susceptible de publicación de conformidade coa lexislación vixente. Todo iso, sen prexuízo da necesaria comunicación ou notificación, segundo proceda, ás licitadoras afectadas.

A mesa elevará a súa proposta de candidatos seleccionados, porque cumpren os requisitos de selección do prego, ao órgano de contratación, quen ditará resolución decretando a selección definitiva e cursará a invitación aos candidatos que deban pasar á seguinte fase.

As invitación efectuarase de forma simultánea e o escrito de invitación indicará a data límite para a recepción de ofertas así como o resto de datos sinalados no artigo 163 LCSP.

PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN

A documentación presentarse conforme as normas xerais e no lugar establecido 6.2. deste prego, respectivamente, e no prazo indicado na invitación cursada polo órgano de contratación;

O sobre presentaranse da seguinte maneira:

- **Asinados polo licitador ou, se é o caso, polo representante legal da entidade** que asina toda a documentación. Se se trata dunha unión temporal de empresas, indicaranse os datos de cada un dos empresarios, e os sobres deben ir asinados polos representantes de cada unha das empresas integrantes da unión.
- Con indicación, no seu exterior, do **NIF, nome e apelidos do licitador** ou, se é o caso, **denominación social, teléfono, fax, enderezo e correo electrónico**.
- Debidamente **pechados**, de tal maneira que se garanta que permanezan nese estado ata a data da súa apertura.
- Ademais, os licitadores que se encontren inscritos no **ROLECSP** ou no **RXC-Galicia** deberán facelo constar no exterior do sobre A (con indicación do número de inscrición do rexistro galego, se é o caso).
- No interior de cada sobre farase constar en folia independente o seu contido, enunciado numericamente.

A documentación da proposición presentarse en 2 sobres debidamente pechados, de tal maneira que se garanta que permanezan nese estado ata a data da súa apertura, e asinados polo licitador ou, se é o caso, polo representante legal da entidade. Se se trata dunha unión temporal de empresas, indicaranse os datos de cada unha das empresas e os sobres deben ir asinados polos representantes de cada empresa que integra a unión.

- Sobre B (documentación relativa a criterios NON avaliábeis de forma automática)
- Sobre C (documentación relativa a criterios avaliábeis de forma automática)

DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS NON AVALIÁBEIS MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS (SOBRE B)

Deberá ter o seguinte título: **SOBRE B: documentación relativa aos criterios non avaliábeis mediante fórmulas matemáticas para tomar parte na contratación da concesión do servizo de restauración da Cidade da Cultura de Galicia mediante procedemento restrinxido non suxeito a regulación harmonizada (2019-005-SER-A).**

O sobre presentaranse da seguinte maneira:

- Asinado polo licitador ou, se é o caso, polo representante legal da entidade que asina toda a documentación. Se se trata dunha unión temporal de empresas, indicaranse os datos de cada un dos empresarios, e os sobres deben ir asinados polos representantes de cada unha das empresas integrantes da unión.
- Con indicación, no seu exterior, do **NIF, nome e apelidos do licitador** ou, se é o caso, **denominación social, teléfono, fax, enderezo e correo electrónico**.



- Debidamente cerrados, de tal maneira que se garanta que permanezan nese estado ata a data da súa apertura.

O seu **CONTIDO** será o seguinte:

A documentación, presentada en tamaño Din A4, referirase a cada unha das actividades descritas na cláusula 8 do PPT, deberá estar clasificada por apartados e presentarse seguindo a seguinte estrutura:

Os licitadores incluirán neste sobre a documentación que reflicte as características da oferta do licitador e que acredite e xustifique o cumprimento das condición materiais que se contemplan no Prego de Prescricións Técnicas (en diante PPT) e que permitan a valoración dos criterios de adxudicación establecidos no B. FORMA DE AVALIAR AS PROPOSICIÓNS do Cadro de Criterios de Adxudicación do presente Prego.

Non se incorporará neste Sobre B ningún dato nin información que permita coñecer calquera das propostas económicas do licitador; estas últimas se incorporarán unicamente no Sobre C.

A inclusión dentro do sobre B de datos a valorar no sobre C, será obxecto de EXCLUSION AUTOMÁTICA.

A documentación, presentada en tamaño Din A4, referirase a cada unha das actividades descritas na cláusula 8 do PPT, deberá estar clasificada por apartados e presentarse seguindo a seguinte estrutura:

Proposta de Explotación.

Referirase a cada unha das actividades descritas na cláusula 4 do PPT e quedará estruturado do seguinte xeito:

1-Índice.

2-Presentación do Proxecto, onde se fará referencia ao concepto global da explotación e de cada un dos servizos a cubrir. O contido deste apartado permitirá apreciar a coherencia da oferta presentada coas esixencias e formulacións conceptuais do PPT, e tamén a coherencia entre os documentos da oferta.

3-Proposta Gastronómica a desenvolver polo adxudicatario no complexo da CDC,

a) Esixida no PPT,

1- O licitador desenvolverá os mínimos esixidos nas cláusulas 8.1 e 8.2 do PPT, podendo incluír todas as modalidades de prestación alí establecidas,

1- cafetería: Cantina, Roupeiro, Museo, Terrazas e Terraza do Bosque,

2- comida con atención en mesa: Cantina e Museo,

3- comida en autoservizo: Cantina,

4- cáterin: en calquera espazo do complexo, tanto interior como exterior, ademais dos xa citados e especificamente destinados a esta explotación,

A modalidade “3-comida en autoservizo”, prestarase unicamente cando así se propoña na oferta do adxudicatario e coa amplitude que este defina segundo o exposto na cláusula 8.1 do PPT, e se asigna exclusivamente aos espazos da Cantina, por entender que estes espazos resultan máis axeitados considerando as características físicas e funcionais dos locais e a capacidade das súas instalacións.

2- Ademais o licitador desenvolverá o xeito de levar a cabo os seguintes servizos, tamén citados na cláusula 8.1 do PPT,

- continuidade do servizo foras das horas de almorzo e comidas,
- oferta de restauración para fines de semana,
- coordinación coas actividades no complexo,

3- Menús. O licitador exporá de xeito claro, conciso e ordenado a súa proposta para os diferentes menús descritos na cláusula 8.2 do PPT,

M1. "Menú do día", con desenvolvemento específico para o "Menú saudable",

M2. "Menú do día" na modalidade de autoservizo,

M3 "Menú executivo",

M4. "Menú almorzo",

M5. "Menú cáterin", para os tres rangos descritos,

- Básico,
- Medio,
- Especial,

Para valorar a variedade e calidade dos menús M1 e M2, o licitador deberá presentar na oferta dúas propostas de menús semanais, un para a tempada de primavera-verán e outro para a de outono-inverno, coas receitas, características da elaboración e información nutricional de dous pratos primeiros e dous pratos segundos por tempada, ata un total de oito receitas. Ademais, a proposta deberá de incluír unha programación mensual orientativa para dous meses, un mes para cada unha das tempadas.

b)- Melloras á oferta de restauración esixida no PPT propostas polo licitador, O licitador exporá de xeito claro, conciso e ordenado na mesma clasificación do apartado a) anterior, aquelas melloras que decida incorporar á súa oferta sen que estas melloras supoñan variacións nos prezos ofertados para cada servizo.

Valorarase de xeito específico a incorporación das seguintes melloras,

- Incorporar un prato a maiores dos dous esixidos para os primeiros e segundos pratos de menús M1 e M2; acompañarase unha descrición de cada un dos novos pratos propostos en relación aos pratos xa descritos no apartado 8.2 do PPT, e das propostas para cada tempada,
- Incorporar máis produtos aos mínimos esixidos para o menú M4,
- Incorporar máis produtos aos mínimos esixidos para o menú M5, en cada un dos rangos establecidos (básico, medio e especial),
- Incorporar a posibilidade de adquirir produtos para levar, en recipientes adecuados e que proporcionará sen custe o adxudicatario,

c). Outras melloras á oferta,

O licitador exporá aquelas outras melloras que non queden incluídas no apartado b) anterior. No caso de que incorpore a realización de actividades complementarias ás organizadas pola Fundación, éstas se referirán exclusivamente á gastronomía e á alimentación.

4-Proxecto de Explotación,

4.1 Organización,

Detallarse todo o posible a organización, frecuencias e horarios de apertura e atención ao público dos diferentes locais, os medios humanos e materias necesarios, procesos de traballo, calidades e controis de calidade aplicados para garantir que o servizo prestado aos usuarios sexan de calidade e características sinaladas no PPT.

- a) Edificio CECG,
 - Cafetería,
 - Comedor,
 - Terraza,
- b) Edificio CINC,
 - Cafetería,
- c) Edificio Museo,
 - Comedor,
 - Cociña,
 - Terraza interior,
 - Terraza exterior,
- d) Terraza do Bosque.

Valorarase o desenvolvemento das medidas que o licitador propoña para cumprir ou mellorar as características e condicións esixidas á oferta de restauración da CDC na cláusula 8.1 do PPT.

O proxecto de organización (medios humanos e materiais) detallará as previsións e propostas do licitador para as modalidades de servizos de restauración sinaladas no PPT para os espazos sinalados,

- 1- cafetería: Cantina, Roupeiro, Museo, Terrazas e Terraza do Bosque,
- 2- comida con atención en mesa: Cantina e Museo (este último se non se oferta a seguinte modalidade),
- 3- comida en autoservizo: Cantina (no caso de que o licitador decida optar por esta modalidade),
- 4- cáterin: en calquera espazo do complexo,

4.2 Medios,

-Medios humanos, incorporarse a seguinte documentación,

Cualificación técnica, titulación e experiencia e, de ser o caso, coñecemento de idiomas de todo o persoal con dedicación permanente, aínda que parcial, ao desenvolvemento do contrato; os licitadores incluírán un organigrama, indicando a función, dedicación e orde de incorporación do persoal á execución do contrato.

Farase especial referencia aos servizos de cáterin para a combinación das tres modalidades e tres rangos de aforo, sinalando o persoal con dedicación permanente que se poderá destinar a estes servizos, e tamén o perfil profesional do persoal eventual necesario.

Política de persoal en materia de selección, contratación, formación, conciliación laboral e relacións humanas, especificándose con relación aos programas de formación das categorías ás que afecta, tempo previsto, etc.

-Medios Materiais a aportar polo licitador,

Incluirá unha relación detallada dos utensilios, enxoval, cristalería, conxunto de manteis e demais bens necesarios (incluídos os Terminais de Punto de Venta), estruturada nos seguintes apartados,

- equipamento de cociñas, barras e contrabarras,
- moblaxe para o comedor e terrazas,
- enxoval (cristalería, manteis, xogo de cubertos, utensilios e accesorios en xeral),

Deberán acompañarse deseños ou mostras de materiais e produtos, incluída a carta da cafetería.

Tamén se acompañará una descrición (textual e gráfica) do deseño da uniformidade proposta.

Valorarase a funcionalidade, integración no local e coherencia no deseño dos distintos elementos. Para iso, os licitadores deberán xuntar o detalle das características técnicas e de deseño dos medios técnicos, materiais e enxoval que vaian a ser empregados e/ou estean á vista dos usuarios e clientes.

-Medios Materiais dos que a Fundación asume o custe,

Listaxe dos bens que o licitador considere necesario para completar a dotación xa existente e atender os servizos incorporados ao negocio de acordo co seu Proxecto de Explotación. Incluirá unha relación detallada, con prezos unitarios e resumo total, dos bens e equipos que se propoñen para que a Fundación asuma o seu custe, estruturada nos apartados descritos na cláusula 4.1.c.1 do PPT.

Insístese en que neste Sobre B non se incorporarán datos económicos de ningún tipo, agás no listaxe que se solicita para os “Medios Materiais dos que a Fundación asume o custe”.

4.3-Outra Documentación,

O licitador aportará, a maiores, aquela documentación que lle axude a expoñer mellor o seu proxecto. Inclúiranse aqueles certificados que xustifiquen a súa política de responsabilidade social, de xestión da calidade, medioambiental e de seguridade e saúde no traballo.

4.4.- Prazo estimado para a apertura da actividade:

Expresarase o tempo máximo para a apertura do local e presentarán o programa de posta en servizo da explotación, indicando os principais tempos e fitos, a poder ser mediante un diagrama de Gantt.

No sobre B non poderá incluírse información que permita coñecer a oferta económica, ou determinar a puntuación que estes acadarían en base aos criterios de valoración do sobre C. O incumprimento desta condición por parte dunha proposición dará lugar á súa EXCLUSIÓN AUTOMÁTICA no procedemento de adxudicación.

DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE FÓRMULAS MATEMÁTICAS (SOBRE C)

Deberá ter o seguinte título: **SOBRE C: documentación relativa aos criterios avaliados mediante fórmulas matemáticas para tomar parte na contratación da concesión do servizo de restauración da Cidade da Cultura de Galicia mediante procedemento restrinxido non suxeito a regulación harmonizada (2019-005-SER-A), tramitación documental simplificada.**

O sobre presentarase da seguinte maneira:

- Asinado polo licitador ou, se é o caso, polo representante legal da entidade que asina toda a documentación. Se se trata dunha unión temporal de empresas, indicaranse os datos de cada un dos empresarios, e os sobres deben ir asinados polos representantes de cada unha das empresas integrantes da unión.

- Con indicación, no seu exterior, do NIF, nome e apelidos do licitador ou, se é o caso, denominación social, teléfono, fax, enderezo e correo electrónico.

- Debidamente cerrados, de tal maneira que se garanta que permanezan nese estado ata a data da súa apertura.

O seu **CONTIDO** será o seguinte:

1. Índice
2. Oferta segundo anexo IV.

A oferta debe estar asinada por quen teña poder suficiente para isto, e non debe conter erros, omisións ou obstáculos para unha interpretación correcta dela.

O importe debe expresarse claramente en números e letras. En caso de discrepancia, prevalecerá o importe reflectido en letra. Indicarase o importe IVE excluído e, a seguir, como partida independente, o importe do IVE que deba ser repercutido. Tamén debe indicarse o tipo impositivo de IVE aplicable á prestación e o importe total da oferta. Nos devanditos prezos quedarán incluídos todos os conceptos, en especial o beneficio industrial do contratista e os impostos, taxas e arbitrios de calquera ámbito fiscal, a excepción do I.V.E., así como calquera outro que se atope definido no Prego de Condicións Técnicas.

Esta mesma información farase constar, de forma desagregada, no caso de que haxa lotes ou de que se trate dunha licitación con prezos unitarios.

Enténdese que a oferta económica inclúe todas as taxas e impostos, directos e indirectos, e arbitrios municipais que graven a execución do contrato.

Cada licitador presentará unha soa proposición, sen prexuízo de que se admita, de ser o caso, dentro dela a presentación de variantes (letra J do cadro de características).

Así mesmo, o licitador non poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figura en máis dunha agrupación temporal.

A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas.

A oferta presentárase sen omisións, erros ou riscadas que dificulten coñecer claramente o que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia xulgue fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocará o rexeitamento da proposta.

PROCEDEMENTO DE VALORACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

MESA DE CONTRATACIÓN

O persoal preciso para a execución do contrato dependerá exclusivamente da entidade adxudicataria, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador respecto deste, e a Administración contratante é de todo allea ás referidas relacións. Por conseguinte, en ningún caso poderá ser alegado ningún dereito polo referido persoal en relación coa Administración contratante nin exixirse a estas responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigacións existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de que os despedimentos ou medidas que o empresario adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

O/a adxudicatario/a comprométese a retribuír adecuadamente o persoal destinado ao servizo, asumindo de forma directa e non trasladable á Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole, de maneira que, en ningún caso, poderá repercutir as referidas modificacións sobre o importe que se facturará polo servizo.

O adxudicatario/a queda obrigado, respecto do persoal destinado ao servizo, ao cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente en cada momento. Así mesmo, promoverá condicións de conciliación familiar e laboral e de igualdade de xénero.

No caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido aos traballadores con ocasión do exercicio dos seus labores, o/a adxudicatario/a cumprirá co disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen de ningún modo a Administración contratante.

RESPONSABLE DO CONTRATO

O órgano de contratación deberá designar unha persoa física ou xurídica, vinculada ao ente contratante ou allea a el, como responsable do contrato, quen supervisará a súa execución, comprobando que a súa realización se axusta ao establecido no contrato, e adoptará as decisións e cursará ao contratista as ordes e instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada. En particular, o responsable do contrato velará por que na execución do contrato non se dean situacións que poidan propiciar a existencia dunha cesión ilegal de traballadores ou dar lugar á declaración de relacións de laboralidade entre a Administración ou entidade do sector público e o persoal do contratista.

Desta forma, velará especialmente por que:

- a) O contratista proporcione a súa propia dirección e xestión no desenvolvemento do obxecto do contrato e sexa responsable da organización do servizo.
- b) O contratista, a través das persoas encargadas designadas por el, se faga responsable de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo e directrices de como distribuílo, de tal maneira que a Administración ou entidade do sector público sexa allea a estas relacións laborais.
- c) Se canalicen a través das persoas encargadas designadas polo contratista as posibles incidencias que xurdan na execución dos traballos.

O responsable do contrato deberá corrixir inmediatamente calquera incidencia ou desviación na execución que poida supor infracción das regras mencionadas, así como dar parte da situación ao órgano de contratación.

O responsable do contrato é o que figura na portada deste prego.

MODIFICACIÓNS DO SERVIZO

1. Conforme ao previsto no artigo 290 da LCSP, a Fundación poderá modificar as características do servizo contratado e os prezos que han de ser satisfeitos polos usuarios, unicamente por razóns de interese público e se concorren as circunstancias previstas na Subsección 4.ª da Sección 3.ª do Capítulo I do Título I do Libro Segundo da Lei.
2. Cando as modificacións afecten o réxime financeiro do contrato, deberase compensar á parte correspondente de maneira que se mantéña o equilibrio dos supostos económicos que foron considerados como básicos na adxudicación do contrato.
3. No caso de que os acordos que dite a Fundación respecto ao desenvolvemento do servizo carezan de transcendencia económica, o concesionario non terá dereito a indemnización por razón dos mesmos.
4. Deberase restablecer o equilibrio económico do contrato, en beneficio da parte que corresponda, nos seguintes supostos:

a) Cando a Fundación realice unha modificación das sinaladas no apartado 1 da presente cláusula concorrendo as circunstancias alí establecidas.

b) Cando actuacións da Fundación, polo seu carácter obrigatorio para o concesionario determinasen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato.

Fóra dos casos previstos nos parágrafos anteriores, unicamente procederá o restablecemento do equilibrio económico do contrato cando causas de forza maior determinasen de forma directa a ruptura substancial da economía do contrato. Para estes efectos, entenderase por causas de forza maior as enumeradas no artigo 239 da LCSP.

En todo caso, non existirá dereito ao restablecemento do equilibrio económico financeiro por incumprimento das previsións da demanda recollidas no estudo da Fundación ou no estudo que puidese realizar o concesionario.

5. Nos supostos previstos no punto anterior, o restablecemento do equilibrio económico do contrato realizarase mediante a adopción das medidas que en cada caso procedan. Estas medidas poderán consistir na modificación dos prezos para abonar polos usuarios, a modificación da retribución para abonar pola Fundación, a redución do prazo da concesión e, en xeral, en calquera modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato. Así mesmo, nos casos previstos na letra b) e no último parágrafo do apartado anterior, poderá ampliarse o prazo do contrato por un período que non exceda dun 15 por cento da súa duración inicial, respectando os límites máximos de duración previstos legalmente.

6. O contratista terá dereito a desistir do contrato cando este resulte extraordinariamente oneroso para el, como consecuencia dunha das seguintes circunstancias:

a) A aprobación dunha disposición xeral por unha Administración distinta da concedente con posterioridade á formalización do contrato.

b) Cando o concesionario deba incorporar, por vir obrigado a iso legal ou contractualmente, ás obras ou á súa explotación avances técnicos que as melloren notoriamente e cuxa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, produciuse con posterioridade á formalización do contrato.

Entenderase que o cumprimento do contrato devén extraordinariamente oneroso para o concesionario cando a incidencia das disposicións das Administracións ou o importe das melloras técnicas que deban incorporarse supoñan un incremento neto anualizado dos custos de, polo menos, o 5 por cento do importe neto da cifra de negocios da concesión polo período que reste ata a conclusión da mesma. Para o cálculo do incremento deduciranse, no seu caso, os posibles ingresos adicionais que a medida puidese xerar.

Cando o contratista desistise do contrato como consecuencia do establecido neste apartado a resolución non dará dereito a indemnización algunha para ningunha das partes.

CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN DO SERVIZO

Se así se dispón no apartado Q do cadro de características, se prevee a posibilidade de que se produza a cesión do contrato de conformidade co previsto no artigo 214, así como das participacións na sociedade concesionaria cando se constituíse unha sociedade de propósito específico polos licitadores para a execución do contrato. Así mesmo, establecerán criterios para a determinación de cando a cesión das participacións deberá considerarse por supoñer un efectivo cambio de control e, no caso de que estivese xustificado polas características do contrato, estableceranse tamén mecanismos de control para cesións de participacións na sociedade concesionaria que non poidan equipararse a unha cesión do contrato. En todo caso considerárase que se produce un efectivo cambio de control cando se ceda o 51 por cento das participacións.

Nos casos en que a concesión de servizos refírase a servizos públicos, o establecido no presente apartado realizarase de acordo coas normas reguladoras do réxime xurídico do servizo a que se refire o artigo 284.2.

Salvo que na letra Q do cadro de características do contrato se prohiba a subcontratación, o contratista poderá subcontratar con terceiros a execución parcial do contrato nas condicións que se indiquen no dito cadro, de conformidade co artigo 215 da LCSP.

Dado a natureza do contrato, a subcontratación sómentes pode recaer en prestacións accesorias. Entenderase por prestacións accesorias, únicamente as relativas ao servizo de catering.

En todo caso, o adxudicatario deberá comunicar anticipadamente e por escrito á Fundación a intención de celebrar os subcontratos, de conformidade co artigo 211.2.b) da LCSP. Así mesmo, deberá presentar unha declaración responsable do subcontratista, outorgada ante autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado, de non estar incurso nas prohibicións para contratar coa Fundación conforme o artigo 71 da LCSP.

A Fundación poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagamentos que o contratista deba efectuar aos subcontratistas ou subministradores que participen no contrato.

En tal caso, o contratista remitirá á Administración, cando esta llo solicite, unha relación detallada dos subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto coas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garden unha relación directa co prazo de pagamento.

Así mesmo, achegará, por solicitude da Administración, un xustificante do cumprimento dos pagamentos a aqueles unha vez terminada a prestación dentro dos prazos de pagamento legalmente establecidos no artigo 216 da LCSP e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, no que lle sexa de aplicación.

Estas obrigacións considéranse condicións especiais de execución, cuxo incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalidades que, para tal efecto, se establecen, se fora o caso, na letra S do cadro de características do contrato. Se alí non se indica ningunha, aplicarase o previsto na cláusula 9.15 deste prego.

En caso de subcontratación total ou parcial do servizo contratado, o contratista será responsable de asinar o compromiso de confidencialidade coa entidade subcontratada, así como de garantir o cumprimento por parte desta das medidas de seguridade que correspondan segundo o servizo prestado.

En caso de que a información tratada conteña datos de carácter persoal, serán, así mesmo, de aplicación os requisitos establecidos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE.

GASTOS E IMPOSTOS POR CONTA DO CONTRATISTA

Son por conta do contratista todos os gastos derivados da publicación da licitación do contrato, e ata a contía máxima especificada na letra N do cadro de características do contrato.

En caso de financiamento do contrato con fondos estruturais e de investimento europeos (ESI), serán por conta do adxudicatario os gastos necesarios para a instalación dun cartel

e/ou placa ou elaboración doutro material publicitario que resulten exixibles en cumprimento das obrigacións de información e publicidade aplicables a cada fondo, nos termos establecidos na correspondente estratexia ou plan de comunicación.

Os requisitos de formato e contido exixibles ao cartel, placa ou outro material que resulte exixible serán especificados polo órgano de contratación.

Tanto nas ofertas presentadas polos interesados como nos orzamentos de adxudicación enténdense comprendidos todas as taxas e impostos, directos e indirectos, e arbitrios municipais que graven a execución do contrato, que serán por conta do contratista, salvo o IVE que deba ser repercutido e soportado pola Administración, que se indicará como partida independente.

Considéranse tamén incluídos na proposición do adxudicatario e no prezo do contrato todos os gastos que resultaren necesarios para a execución do contrato, incluídos os posibles desprazamentos.

Cando o obxecto do contrato sexa a redacción de proxecto e/ou dirección de obras, tamén se entenden comprendidos os dereitos de visados dos proxectos e direccións de obras.

SUSPENSIÓN DO CONTRATO

Se a Fundación acorda a suspensión do contrato ou aquela ten lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5 da LCSP, redactarase unha acta na cal se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel cas consecuencia sinaladas nos artigos 198 e 208 da LCSP e 103, 170 e 171 do RXLCAP.

Acordada a suspensión, a Fundación aboará ao contratista, se fora o caso, os danos e perdas efectivamente sufridos por este, os cales se cifrarán conforme o disposto nos números 2 e 3 do artigo 313 da LCSP.

INCUMPRIMENTO DO CONTRATO. PENALIDADES

Cando o contratista, por causas imputables a el, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total do contrato, a Fundación poderá optar, indistintamente, pola resolución do contrato, con perda, se fora o caso, da garantía constituída, ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato, ou polas penalidades que se establecesen na letra S do cadro de características do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 % do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para resolvelo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Esta mesma facultade terá a Fundación respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

A imposición de penalidade non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a Fundación polos danos e perdas ocasionados polo atraso imputable ao contratista.

A constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte da Administración.

Se se produce atraso no cumprimento dos prazos por causas non imputables ao contratista, a Fundación poderá, por petición deste ou de oficio, conceder a prórroga adecuada, de acordo co disposto no artigo 195.2 da LCSP.

No caso de que o contratista realice defectuosamente o obxecto do contrato, ou incumprise o compromiso de dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para isto, a que se refiren a cláusula 5 e a letra F.5 do cadro de características do contrato deste prego, o órgano de contratación poderá optar por resolver o contrato con incautación da garantía constituída, ou ben impor unha penalización económica proporcional á gravidade do incumprimento, nunha contía que poderá alcanzar o 10 % do orzamento do contrato.

Cando o incumprimento ou o cumprimento defectuoso da prestación afecte características desta que se tivesen en conta para definir os criterios de adxudicación, o órgano de contratación pode, de conformidade co artigo 192 da LCSP, establecer penalidades ou atribuír á puntual observancia destas características o carácter de obrigación contractual esencial para os efectos do artigo 211 da LCSP. Observarase o indicado nas letras S e U do cadro de características do contrato.

No caso de que o contratista incumpra as condicións especiais de execución do contrato establecidas na cláusula 9.1 e en letra M do cadro de características do contrato deste prego, o órgano de contratación pode, de conformidade co artigo 76.2 da LCSP, así como no artigo 202 en relación coas condicións especiais de execución do contrato de carácter social, ético, medioambiental ou de outro orde, establecer penalidades ou atribuírlles o carácter de obrigación contractual esencial para os efectos do artigo 211 da LCSP. O incumprimento das ditas condicións poderá ser considerado infracción grave para os efectos establecidos no artigo 71.2.c) da LCSP se así se indica na letra M do cadro de características do contrato. Observarase o indicado nas letras S e U do cadro de características do contrato.

Cando o contratista, por causas imputables a el, incumpra a execución parcial das prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou por impor as penalidades previstas na letra S do cadro de características do contrato.

Considerarase incumprimento grave, que xustificará a resolución do contrato, a vulneración probada dos dereitos laborais dos traballadores/as e, en especial, dos permisos de paternidade e maternidade, xa sexa directamente ou ben mediante coaccións. Nestes casos, sempre que existan indicios de delito contra os dereitos dos traballadores/as, o órgano de contratación porao en coñecemento do Ministerio Fiscal.

FORMA DE PAGAMENTO

O pagamento do prezo do contrato poderá facerse de maneira total ou parcial, mediante aboamentos á conta ou, no caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pagamento en cada un dos vencementos que se estipulasen.

O pagamento do prezo realizarase de acordo cos prazos previstos na letra P do cadro de características do presente prego, e logo de informe favorable ou conformidade do funcionario ou órgano directivo que reciba ou supervise o traballo ou, se fora o caso, do designado polo órgano de contratación como responsable deste.

A Fundación terá a obrigación de aboar o prezo do contrato dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos servizos prestados.

Recoñecido o valor legal das facturas emitidas electronicamente no Real decreto 1496/2003, que aproba o Regulamento sobre as obrigacións de facturación e en atención ao previsto no artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, a presentación das facturas en formato electrónico será obrigatoria para as sociedades anónimas, sociedades de responsabilidade limitada, unións temporais de empresas, agrupacións de interese económico (Lei 12/1991, do



29 de abril, de agrupacións de interese económico), agrupacións de interese económico europeas (Regulamento CEE nº 2137/85 do Consello, do 25 de xullo de 1985), persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española e os establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.

As restantes persoas xurídicas e as persoas físicas, aínda que non están obrigadas, presentarán tamén as facturas emitidas, preferentemente, en formato electrónico.

As facturas electrónicas emitidas presentaranse no Sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia (SEF). O SEF proporcionará ao presentador un xustificante de recepción electrónica no cal constarán, como mínimo, a data e a hora de presentación, o órgano xestor destinatario e o número de asento rexistral da factura. Así mesmo, incluírá un código seguro de verificación que permitirá en calquera momento validar ante o sistema a exactitude do documento.

O Rexistro Contable de Facturas estará integrado co SEF. A anotación no rexistro contable de facturas é requisito previo necesario para a tramitación do recoñecemento da obrigação.

A información sobre este será a través das seguintes URL:
<http://conselleriadefacenda.es/factura> ou <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>

O contratista que non estea obrigado a emitir a factura electronicamente terá a obrigação de presentar a factura expedida ante o órgano de contratación, en tempo e forma, no prazo de trinta días desde a data da prestación do servizo.

Para o aboamento do prezo dos servizos emitírase unha factura que se presentará acompañada da documentación acreditativa valorada da actividade realizada, indicando cada tipo de actividade realizada e o total de horas incorridas.

O pagamento realizarase polo importe establecido e acreditado, mediante a correspondente conformidade do xestor do contrato.

O pagamento realizarase de acordo co establecido na letra P da folla de especificacións.

No anexo VI do presente prego recóllense datos e información que se terán en conta na facturación electrónica.

TRANSMISIÓN DOS DEREITOS DE COBRAMENTO

Segundo se establece no artigo 200 da LCSP, os contratistas que teñan un dereito de cobramento fronte á Fundación poderán cedelo de acordo a dereito, nos termos especificados no dito artigo.

Para que a cesión dese dereito de cobro teña plena efectividade fronte á Administración, será requisito imprescindible a notificación fidedigna á Fundación do acordo de cesión por parte do contratista.

EXTINCIÓN DO CONTRATO

De conformidade co disposto no artigo 209 da LCSP, **o contrato extinguirase polo seu cumprimento ou por resolución.**

CUMPRIMENTO DO CONTRATO

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e, se fora o caso, no de prescricións

técnicas, e á satisfacción da Administración, cuxa conformidade se fará constar de forma expresa dentro do prazo dun mes de terse producido a entrega ou realización do obxecto do contrato, ou no prazo que se determine na letra V do cadro de características do contrato.

Se os servizos non se achan en condicións de ser recibidos, deixarase constancia expresa de tal circunstancia e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados, ou proceda a unha nova execución de conformidade co pactado. Se, malia isto, os traballos efectuados non se adecúan á prestación contratada como consecuencia de vicios ou defectos imputables ao contratista, a Fundación poderá rexeitala, polo que queda exenta da obrigaición de pagamento e ten dereito, se for o caso, á recuperación do prezo satisfeito ata entón.

Poderá realizarse recepción parcial daquelas partes do contrato susceptibles de seren executadas por fases e de seren utilizadas de forma separada ou independente.

Cando o obxecto do contrato sexa a elaboración dun proxecto de obras, observarse o previsto no artigo 314 da LCSP.

Dentro do prazo dun mes, contado desde a data do acta de recepción ou conformidade, deberá acordarse e ser notificada ao contratista a liquidación correspondente do contrato e aboárselle, se fora o caso, o saldo resultante.

RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Son causas de resolución do contrato de concesión de servizos, ademais das sinaladas no artigo 211, coa excepción das contempladas nas súas letras d) e e), as seguintes:

- a) A execución hipotecaria declarada deserta ou a imposibilidade de iniciar o procedemento de execución hipotecaria por falta de interesados autorizados para iso nos casos en que así procedese, de acordo co establecido nesta Lei.
- b) A demora superior a seis meses por parte da Administración na entrega ao concesionario da contraprestación ou dos medios auxiliares a que se obrigou segundo o contrato.
- c) O rescate do servizo pola Administración para a súa xestión directa por razóns de interese público. O rescate da concesión requirirá ademais a acreditación de que dita xestión directa é máis eficaz e eficiente que a concesional.
- d) A supresión do servizo por razóns de interese público.
- e) A imposibilidade da explotación do servizo como consecuencia de acordos adoptados pola Administración con posterioridade ao contrato.
- f) O secuestro ou intervención da concesión por un prazo superior ao establecido de conformidade co apartado 3 do artigo 263, sen que o contratista garantise a asunción completa das súas obrigaicións.

Os efectos derivados na resolución serán os dispostos no artigo 295 da LCSP.

GARANTÍA DO SERVIZO PRESTADO

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que leve a cabo e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Fundación ou para terceiros dos omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

O obxecto do contrato quedará suxeito ao prazo de garantía que se indica na letra E do cadro de características do contrato, ou o que, se fora o caso, se establecese no contrato por mellora do adxudicatario, contado desde a data de recepción ou conformidade do traballo, prazo durante o cal a Fundación poderá comprobar que o traballo realizado se axusta ao contratado e ao estipulado no presente prego e no de prescricións técnicas.

Sempre que se xustifique debidamente no expediente de contratación, exceptúanse deste prazo de garantía os contratos en que non resulte necesario, en atención á natureza e características da prestación; neste suposto sinalarase esta circunstancia no citado letra E do cadro de características. Os contratos de mera actividade ou de medios extinguiranse polo cumprimento do prazo inicialmente previsto ou as prórrogas acordadas, de acordo co artigo 311.6 LCSP-2017, sen prexuízo da prerrogativa da Administración Fundación de depurar a responsabilidade do contratista por calquera eventual incumprimento detectado con posterioridade.

Se durante o prazo de garantía se acredita a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, o órgano de contratación terá dereito a reclamarlle ao contratista a emenda, pola súa conta, de todas as deficiencias que se poidan observar no executado, con independencia das consecuencias que poidan derivar das responsabilidades en que puidese ter incorrido, de acordo co establecido no presente prego e no artigo 311 da LCSP.

Terminado o prazo de garantía sen que a Fundación formalizase algún dos reparos ou a denuncia referida, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón da prestación efectuada, sen prexuízo do establecido nos artigos 314 e 315 da LCSP sobre emenda de erros e responsabilidades nos contratos que teñan por obxecto a elaboración de proxectos de obras.

DEVOLUCIÓN OU CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

Cumpridas polo contratista as obrigacións derivadas do contrato, se non resultaren responsabilidades que se deban exercer sobre a garantía definitiva, e transcorrido o período de garantía, se fora o caso, dítarase acordo de devolución ou cancelación daquela, logo de informe favorable do responsable do contrato ou de quen exerza a dirección do contrato.


No suposto de recepción parcial, autorizarase a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía, logo de solicitude do contratista.

Transcorrido o prazo dun ano desde a data de terminación do contrato sen que a recepción formal tivese lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se producisen as responsabilidades a que se refire o artigo 111 da LCSP.

Cando o importe do contrato sexa inferior a 100.000 euros, ou cando as empresas licitadoras reúnan os requisitos de pequena ou mediana empresa, definida segundo o establecido no Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado e non estean controladas directa ou indirectamente por outra empresa que non cumpra tales requisitos, o prazo reducirase a seis meses.

Este prego foi informado favorablemente pola Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia o 22 de maio de 2019.

En Santiago de Compostela, apróbase o presente Prego de Cláusulas Particulares en todos os termos expostos.



Ana Isabel Vázquez Reboredo
Directora Xerente
Fundación Cidade da Cultura de Galicia



ANEXO I: Presentación do licitador e a solicitude de participación

Número de expediente:

Denominación do contrato:

Data da declaración:

DATOS DA PERSOA QUE DECLARA

Nome: _____ Apelidos: _____ NIF: _____
Teléfono: _____ Fax: _____ Correo electrónico: _____
Enderezo para os efectos de notificación: _____

Non caso de actuar en representación de persoa xurídica:

Entidade mercantil que representa: _____ Cargo: _____
NIF: _____

Tendo coñecemento do anuncio polo que se admiten solicitudes de participación no procedemento restrinxido para a adxudicación do contrato sinalado, manifesto a miña vontade de participar no procedemento (ou da empresa que represento) e solicito a admisión.

Datos da empresa:

Entidade mercantil: _____
NIF da empresa: _____

Nome e apelidos do representante ou do licitador persoa física: _____

Número de inscrición da empresa no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas del Sector Público (se é o caso): _____

Número de inscrición da empresa no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia (se é o caso): _____

Domicilio que sinala para notificacións: as notificacións relacionadas coa presente licitación e a todos os efectos que dela e deriven, deberán practicarse en:

Enderezo social: _____
Código postal: _____
Localidade: _____
Teléfono de contacto: _____

COMPROMÉTOME a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen no correo electrónico: _____

Os avisos das notificacións electrónicas efectuadas a través do sistema Notifica.gal deberán ser enviados a este mesmo correo electrónico e/ou ao seguinte número de móbil (opcional)

.....de.....de.....
(Sinatura e selo do licitador)

ANEXO II: FORMULARIO NORMALIZADO DO DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACIÓN (DEUC)
Parte 1: Información sobre o procedemento de contratación e o poder adxudicador ou a entidade adxudicadora
INFORMACIÓN SOBRE O PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN

A información esixida na parte I obterase automaticamente, sempre que se utilice o servizo DEUC electrónico antes citado para xeral e cubrir o DEUC. De non ser así, esta información deberá ser consignada polo operador económico.	
Identidade do contratante ⁽¹⁾	Resposta
Nome:	FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA
¿De que contratación se trata?	Resposta
Título ou breve descrición da contratación ⁽⁴⁾	CONTRATACION DA XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE RESTAURACIÓN DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA (2019-005-SER-A).
Número de referencia do expediente asignado polo poder adxudicador ou a entidade adxudicadora (de ser o caso) ⁽⁵⁾	(2019-005-SER-A).

(1) Os servizos da Comisión poñerán gratuitamente o servizo DEUC electrónico á disposición dos poderes adxudicadores, das entidades adxudicadoras, dos operadores económicos, dos provedores de servizos electrónicos e doutras partes interesadas.

(2) No caso dos poderes adxudicadores, ben un anuncio de información previa utilizado como medio de convocatoria de licitación, ben un anuncio de contrato.

No caso das entidades adxudicadoras, un anuncio periódico indicativo que se utilice como medio de convocatoria de licitación, un anuncio de contrato ou un anuncio sobre a existencia dun sistema de clasificación.

(3) Deberá reproducirse a información que figure na sección I punto I.1. do anuncio pertinente. En caso de contratación conxunta, sírvase indicar os nomes de todos os contratantes

(4) Véxanse os puntos II 1.1 e II 1.3 do anuncio pertinente

(5) Véxase o punto II 1.1 do anuncio pertinente

Parte II: Información sobre o operador económico
A: INFORMACIÓN SOBRE O OPERADOR ECONÓMICO

Identificación	Resposta
Nome:	
Número de IVE, se é o caso: Se non se dispón dun número de IVE, indíquese, se é o caso, cando se exixa, outro número de identificación nacional.	
Enderezo postal:	



Persoa ou persoas de contacto (⁶): Teléfono: Correo electrónico: Enderezo da internet (enderezo da páxina web) (se é o caso):	
---	--

(6) Repítase a información relativa ás persoas de contacto tantas veces como sexa necesario.

Información xeral	Resposta
¿É o operador económico unha microempresa, unha pequena empresa ou unha mediana empresa (⁷)?	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
Unicamente en caso de contratación reservada (⁸): o operador económico ¿é un taller protexido ou unha empresa social (⁹) ou prevé que o contrato se execute no marco de programas de emprego protexido? Se a resposta é afirmativa, ¿cal é a correspondente porcentaxe de traballadores discapacitados ou desfavorecidos? En caso necesario, especifíquese a que categoría ou categorías pertencen os traballadores discapacitados ou desfavorecidos de que se trate.	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non [.....] [.....]
Se for o caso, ¿figura o operador económico inscrito nunha lista oficial de operadores económicos autorizados ou ten un certificado equivalente (por exemplo, no marco dun sistema nacional de (pre)clasificación)?	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> Non procede
En caso afirmativo: Sírvase responder ás restantes preguntas desta sección, á sección B e, cando proceda, á sección C da presente parte; cubra, cando proceda, a parte V, e, en calquera caso, cubra e asine a parte VI. a) Indíquense o nome da lista ou certificado e o número de inscrición ou certificación pertinente: b) Se o certificado de inscrición ou a certificación están dispoñibles en formato electrónico, sírvase indicar:	a) [.....] b) (enderezo da páxina web, autoridade ou organismo expedidor, referencia exacta da documentación): [.....][.....][.....][.....]

(7) Véxase a Recomendación da Comisión do 6 de maio de 2003 sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas (DO L 124, do 20.5.2003, p. 36). Este dato solicítase exclusivamente con fins estatísticos. **Microempresa:** empresa que conta con menos de 10 empregados e cuxo volume de negocios anual ou balance total anual non excede os 2 millóns

EUR. **Pequena empresa:** empresa que conta con menos de 50 empregados e cuxo volume de negocios anual ou balance total anual non excede os 10 millóns EUR. **Mediana empresa:** empresa que non é nin unha microempresa nin unha pequena empresa, que conta con menos de 250 empregados e cuxo volume de negocios anual non excede os 50 millóns EUR ou cuxo balance total anual non excede os 43 millóns EUR.

(8) Véxase o anuncio de contrato, punto III 1.5.

(9) É dicir, cuxo obxectivo principal sexa a integración social e profesional de persoas discapacitadas ou desfavorecidas.





<p>c) Indíquense as referencias en que se basea a inscrición ou certificación e, se é o caso, a clasificación obtida na lista oficial ⁽¹⁰⁾:</p> <p>d) ¿Abrangue a inscrición ou certificación todos os criterios de selección exixidos?</p> <p>Sírvase consignar, ademais, a información que falte na parte IV, seccións A, B, C ou D, segundo proceda.</p> <p>UNICAMENTE cando así o exixan o anuncio pertinente ou os pregos da contratación:</p> <p>(e) ¿Poderá o operador económico presentar un certificado respecto ao pagamento das cotizacións á Seguridade Social e dos impostos ou facilitar información que permita ao poder adxudicador ou á entidade adxudicadora obtelo directamente a través dunha base de datos nacional de calquera Estado membro que se poida consultar gratuitamente?</p> <p>Se a documentación pertinente está dispoñible en formato electrónico, sírvase indicar:</p>	<p>c) [.....]</p> <p>d) <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>e) <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non</p> <p>(endereço da páxina web, autoridade ou organismo expedidor) referencia exacta da documentación): [.....][.....][.....][.....]</p>
Forma de participación	Resposta
¿Está participando o operador económico no procedemento de contratación xunto con outros ⁽¹¹⁾ ?	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non
En caso afirmativo, asegúrese de que os demais interesados presentan un formulario DEUC separado.	
<p>En caso afirmativo:</p> <p>a) Indíquese a función do operador económico dentro do grupo (responsable principal, responsable de funcións específicas, etc.):</p> <p>b) Identifíquense os demais operadores económicos que participan no procedemento de contratación conxuntamente:</p> <p>c) Se é caso, nome do grupo participante:</p>	<p>a): [.....]</p> <p>b): [.....]</p> <p>c): [.....]</p>

(10) As referencias e a clasificación, se é o caso, figuran na certificación.

(11) En particular no seo dun grupo, consorcio, empresa en participación ou similares.



Lotes	Resposta
Se é o caso, indicación do lote ou lotes respecto aos cales o operador económico desexe presentar unha oferta:	[]

B: INFORMACIÓN SOBRE OS REPRESENTANTES DO OPERADOR ECONÓMICO

Se é o caso, indíquense o nome e o enderezo da persoa ou persoas habilitadas para representar o operador económico para efectos do presente procedemento de contratación.

Representación, se é o caso	Resposta
Nome e apelidos: xunto coa data e o lugar de nacemento, se procede:	[.....]; [.....]
Cargo/capacidade en que actúa:	[.....]
Enderezo postal:	[.....]
Teléfono:	[.....]
Correo electrónico:	[.....]
En caso necesario, facilítese información detallada sobre a representación (as súas formas, alcance, finalidade ...).	[.....]

C: INFORMACIÓN SOBRE O RECURSO Á CAPACIDADE DOUTRAS ENTIDADES

Recurso	Resposta
¿Baséase o operador económico na capacidade doutras entidades para satisfacer os criterios de selección recollidos na parte IV e os criterios e normas (se é o caso) recollidos na parte V, máis abaixo?	[] Si [] Non

En caso afirmativo, facilítese un formulario DEUC separado por cada unha das entidades consideradas que recolla a información exixida nas seccións **A e B** desta parte e na parte III, **debidamente cuberto e asinado polas ditas entidades.**

Incluíranse tamén aquí o persoal técnico ou os organismos técnicos que non estean integrados directamente na empresa do operador económico, especialmente os responsables do control da calidade e, cando se trate de contratos públicos de obras, o persoal técnico ou os organismos técnicos de que dispoña o operador económico para a execución da obra.

Sempre que resulte pertinente no que respecta á capacidade ou capacidades específicas en que se basee o operador económico, consígnase a información exixida nas partes IV e V por cada unha das entidades de que se trate ⁽¹²⁾.

(12) Por exemplo, cando se trate de organismos técnicos encargados do control da calidade: parte IV, sección C, punto 3.

D: INFORMACIÓN RELATIVA AOS SUBCONTRATISTAS EN CUXA CAPACIDADE NON SE BASEA O OPERADOR ECONÓMICO

(Esta sección cubrirase unicamente se o poder adxudicador ou a entidade adxudicadora exixen expresamente tal información)

Subcontratación	Resposta
¿Ten o operador económico a intención de subcontratar algunha parte do contrato a terceiros?	<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non En caso afirmativo e na medida en que se coñeza este dato, enumérense os subcontratistas previstos: []

Se o poder adxudicador ou a entidade adxudicadora solicitan expresamente tal información, ademais da recollida na presente sección facilítase a información requirida nas seccións A e B desta parte e na parte III por cada un dos subcontratistas, ou cada unha das categorías de subcontratistas, en cuestión.

Parte III: Motivos de exclusión

A: MOTIVOS REFERIDOS A CONDENAS PENAIS

O artigo 57, número 1, da Directiva 2014/24/EU establece os seguintes motivos de exclusión:

1. Participación nunha organización delituosa ⁽¹³⁾;
2. Corrupción ⁽¹⁴⁾;
3. Fraude ⁽¹⁵⁾;
4. Delitos de terrorismo ou delitos ligados ás actividades terroristas ⁽¹⁶⁾;
5. Branqueo de capitais ou financiamento do terrorismo ⁽¹⁷⁾;
6. Traballos infantís e outras formas de trata de seres humanos ⁽¹⁸⁾.

(13) Tal como se define no artigo 2 da Decisión marco 2008/841/JAI do Consello, do 24 de outubro de 2008, relativa á loita contra a delincuencia organizada (DO L 300, do 11.11.2008, p. 42)

(14) Tal como se define no artigo 3 do Convenio relativo á loita contra os actos de corrupción en que estean implicados funcionarios das Comunidades Europeas ou dos Estados membros da Unión Europea (DO C 195, do 25.6.1997, p. 1) e no artigo 2, número 1, da Decisión marco 2003/568/JAI do Consello, do 22 de xullo de 2003, relativa á loita contra a corrupción no sector privado (DO L 192, do 31.7.2003, p. 54). Este motivo de exclusión abrangue tamén a corrupción tal como se defina na lexislación nacional do poder adxudicador (entidade adxudicadora) ou do operador económico

(15) No sentido do artigo 1 do Convenio relativo á protección dos intereses financeiros das Comunidades Europeas (DO C 316, do 27.11.1995, p. 48)

(16) Tal como se definen na Decisión marco do Consello do 13 de xuño de 2002, sobre a loita contra o terrorismo (DO L 164, do 22.6.2002, p. 3). Este motivo de exclusión engloba tamén a indución ou complicidade para cometer un delito ou a tentativa de cometelo. Tal como se recolle no artigo 4 da citada decisión marco

(17) Tal como se definen no artigo 1 da Directiva 2005/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de outubro de 2005, relativa á prevención da utilización do sistema financeiro para o branqueo de capitais e para o financiamento do terrorismo (DO L 309, do 25.11.2005, p. 15)

(18) Tal como se definen no artigo 2 da Directiva 2011/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de abril de 2011, relativa á prevención e loita contra a trata de seres humanos e á protección das vítimas e pola que se substitúe a Decisión marco 2002629/JAI do Consello (DO L 101 do 15.4.2011, p. 1)

Motivos referidos a condenas penais de acordo coas disposicións nacionais de aplicación dos motivos enunciados no artigo 57, número 1, da directiva	Resposta

<p>¿Foi o propio operador económico, ou calquera persoa que sexa membro do seu órgano de administración, de dirección ou de supervisión ou que teña poderes de representación, decisión ou control nel, obxecto, por algún dos motivos enumerados máis arriba, dunha condena en sentenza firme que se ditase, como máximo, nos cinco anos anteriores ou na cal se establecese directamente un período de exclusión que siga sendo aplicable?</p>	<p>[] Si [] Non Se a documentación pertinente está dispoñible en formato electrónico, sírvase indicar: (endereço da páxina web, autoridade ou organismo expedidor, referencia exacta da documentación): [.....] [.....] [.....] ⁽¹⁹⁾</p>
--	---

(19) Repítase tantas veces como sexa necesario

